NÚM. 17

1-3-23



nós.

BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ÓRGAO DA SOCIEDADE "NÓS,,

Diretor, Vicente Risco

Diretor artísteco, Alfonso R. Castelao,

Segredario da Redaución, Xulio Gallego

Xerente, Arturo Noguerol

Redautor Xefe, Xavier Prado *(Lameiro)*

Sub-Xerente, Alfonso V. Monxardín

Redautores:

Ramón Cabanillas, Antón Lousada Diégues, Ramón Otero Pedrayo, Florentino L. Cuevillas, Leuter González Salgado.

Colaboradores:

Teixeira de Pascoaes, Johan V. Viqueira, Philéas Lebesgue, Antón Villar Ponte, Wenceslao Fernández Flórez, Xaime Quintanilla, Antón Noriega Varela, Gonzalo L. Abente, Manoel Banet Fontenla, Lois Peña Novo, Eladio Rodríguez González, Marqués de Figueroa, Antón Palacios, Leonardo Coimbra, Amador Villar, Alvaro Cebreiro, Alexandre de Córdova, Xulio A. Cuevillas, Victoriano Taibo, Xulio Prieto, Farruco Lamas Euxenio Montes, Fernández Mazas, Souza Aguiar, Cunha Barros, Xan . Aznar Ponte, F. Bouza Brey, Lois Huici, Ramón Villar Ponte, Handicap, Roberto Blanco Torres, Primitivo R. Sanjurjo, Xosé Viso *(Goal)*, Francisca Herrera Garrido, Hernani Cidade, Camilo Díaz, Manoel M. Risco, Francisco Luis Bernárdez, etc.

DIREICIÓN E REDAUCIÓN: **Plaza do Ferro, 6**

ADEMINISTRACIÓN: **Padre Feixóo, 12**

ABONAMENTO

Doce númaros, na Peninsua . . . . **6** *ptas.*
Na Arxentina . . . . . **6** *pesos*
En Cuba. . . . . . **3** *dolars*
Númaros atrasados **3** *ptas. Númaro sólto* **1** *pta.*

Iste boletín non publica máis orixináis que os que foran direitamente solicitados pol-a Diruación.—Tampouco se fai solidario das ideias n-elos emitidas, non sendo dos que por non iren rubrados, enténdese que son da Redaución.

SUMARIO

O noso Arcebispo galego.
En col da lingoa, por Manoel Portela Balladares.
A cantiga do fento, por A. Villar Ponte.
O Teósofo alemán Rudolf Steiner, por Vicente Risco.
Cruceiros, grabado de Castelao,
En col da chuvia, por Eduardo de Ontañón.
Seición arqueolóxica, por F. Bouza Brey.
Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a Redaución.

SERANTES E COMPAÑÍA

FARIÑAS E COLONIÁS

Ponte Mayor y-Ourense

XULIO GARCÍA PÉREZ

MÉDECO CIRUXANO

Goberna toda clás de ósos partidos e desgobernados e fai operacños quirúrxicas

VOTA O "RAYO X,,

TELÉFONO 324

¡Patriotas galegos!

PEDIDE O VIÑO TOSTADO

LÓPEZ VALEIRAS

SANATORIO QUIRÚRXICO D' OURENSE

Dirixido por DON MANOEL POL PIÑEIRO

CO' A COPERANZA DOS DOUTORES

Don Francisco José Klonegro :-: Don Manoel Bouzo Fernández

Iste estabrecemento está situado na carretera da Lonia, e conta con un compreto gabinete de RAYOS X.

Depósito de madeiras de todas clases pra construción e carpintería en xeneral.

LÓPEZ E RUIZ

Telegramas e telefonemas LÓPEZ RUIZ

Codes: A. B. C. 5.ª edición

TELÉFONO 198

Avenida de Buenos Aires, 31

(ó lado do Asilo de Ancianos desamparados)

OURENSE

Postes e travesas pra camiños de ferro. Serrería mecánica e fabricación de toda clás de caixería.

MARCAS DA CASA

Tintos:

Riveiro MEDOC

Fino de mesa VIEJO

Clarete PEARES

Blancos:

TOPACIO

Especial para mariscos.

Tostado del Rivero

As persoas de bon gusto e que se precian de patriotas, prefiren o

CHAMPAN "GALICIA,,

por ser tan bon como o millor extranxeiro, e ser ESPAÑOL

BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ORGHO DA SOCIEDADE "NOS,,

Ano IV Ourense 1 de Marzal de 1923 Núm. 17

O NOVO ARCEBISPO GALEGO

Dempois de mais d-un século en que ningún galego rexiu a groriosa Eirexa Compostelán, co-a mais grande ledicia vemos hoxe nomeado pr-o mais outo posto relixioso de Galiza ô siñor Manoel Gonzales Lago, Bispo de Tuy, galego de nacimento e de curazón, grande teólogo e filòlogo, sentido poeta galego,e de tantas virtudes como cencia: un verdadeiro prestixo da Eirexa e da Nosa Terra.

Creemos con toda fé que este feito siñificativo marca un novo tempo y-un froitoso camiño pr-â vida relixiosa y-espirtoal de Galiza. NOS leva ô Dr. Gonzales Lago a mais forte noraboa chea de quentura e de fondas esperanzas.

EN COL DA LINGOA GALEGA

Sr. D. Vicente Risco.

Moi querido amigo: A sua carta, tan chea d'azos e d'espranzas, que tantas ideas remexe, lévame, case que contra a miña vontade, a proporlle se sería ben que a resposta sexa pubricada, non pol-o interés que haxa no que eu diga, sinon porque, o sair á luz estas cuestiós pode dar motivo á que outros falen, e a que todos poñan un pouco do celme do seu pensamento encol do fondo da vida nosa: a d'oxe e a de mañán.

E pouco importa que por erro en min ou nos alleos, veñan duros ataques con motivo do que escriba. Os galegos, arastora, hemos pronunciar unha só verba: «Adiante», sin medo as caídas morals ou físicas, e sin gardar aquelas precauciós de defensa da individualidade que son o valor principal da raza, pro que, eisaxeradas cós tempos de persecuciós, deviñeno a causa dos mals que padecemos.

Lémbrame, coma un deses grandes recordos que quedan alumiando o pasado e o porvir, aquel ataque súbeto, formidabel, dos xaponeses no estreito de Sushima á escadra rusa, sen mirar ás perdas, sen ollar atrás, desfacendo canto houbera que desfacer pra conqueril-a victoria. «¡Ei van os nosos barcos e as nosas vidas!, foi o seu berro de combate. E o xenio da vida moderna, toda decisión e enerxía, brilou coma hastra entonces endexamais brilara pra dar entrada a un gran pobo na dianteira do mundo.

Así temos que loitar nosoutros pol-a nosa Galiza: ollando mais a resolución própea que ao que fora de nós haixa:

Mais, de certo, pódese recoller en toda a rexión un gran conforto e unha imensa fé pra o porvir. Se sentimos desazós. se nos apouvigan os ventos negros en demasía, voltémol-a mirada atrás e, contemprando o lavouro xa feito, non poden mancarnol-as forzas pra rematar de rubil-a costa.

Os millores días que se poden acordar son istes de loita e creación, cando os peitos s'abren cubizosos pra recibil-a semente, cando se goza ise instante supremo de sentil-a xeneración e o espandimento dun pobo, e, en todol-os cantos, latexar as vibraciós da nova vida.

Pra min, e coido que tamén pra vostede, na cultura encérrase a cifra da nosa persoalidade, da nosa nazonalidade· N'ela está tamén a millor raiz e a mais outa aspiración do mañán que arelamos.

E sendo isto así, coma na nosa escola non está o soltar verbas pra que livianmente voen levadas pol-o valor eufónico, e coma na nosa construción queremos proceder honesta e solidamente, será ben que nos deteñamos a fixar o alcance que damos á voz cultura.

Pra todos os que a empregan hai n'ela o siñificado de saber, de conocimento, de civilización.

A «Kulturkampf» que a vulgarizou, quería decir eso mesmo: loita pol-a civilización.

Logo percisouse o seu senso por predominio da sua etimoloxía latina, *cultum:* cultivar, traballal-a terra. O feito mais decisivo pra humanidade, o aproveital-o campo participando na producción o lavouro do home, iso que na cencia social sirve pra dividir os pobos fundamentalmente en pastores e en agricultores, e pra expricar as curvas da sua estoria, ten unha penetración e unha expresión no vocablo cultura.

O cultivo agrícola equival á previsión, á pór sacrificios no día d'oxe pra obter as ventaxas ao chegal-a colleita; equival á método no traballo e có método á subordinación a unha disciprina; siñifica afacerse a contar coas propias forzas e a mirar a terra en vez de mirar ao ceo.

E, naturalmente, formado así o espírito, ha d'apricar as mesmas conceuciós e as mesmas ideas á todol-os ordes da vida.

Por outra banda coma os nosos valores espirituals e materials están depositados no agro e alí foron nados, a dicción «cultura galega» é a que millor pode expresal-os.

O granito, ese pai da nosa terra, tiña que

nos dar unha orografía diferente dos países dos mares desecados, e convertir as encinas apretadas d'alá nos carballos seivosos, adoitando a fauna e a frora toda, ao apousentarse eiquí, outras formas e outros xeitos; os vendavais que chegan dendes América ás nosas costas, habíanos de traguer a abondanza d'aguas propeas dos países atlánticos; a Gulf Stream habíanos de donar a suavidade de crima que fixo do Noroeste da Europa o berce da civilización qu'oxe manda; e aqueles Celtas de que fala Strabón, que vivían en aldeas e que pusían endenantes de ser dominados, as mesmas costumes doces e disciprinadas dos turdetanos en prena civilización romana, haberían de crear sempre unha modalidade racial, enriquecido logo o seu sangue coas inmigracións nórdicas que hastra nós chegano, unhas veces pol-o camiño de Santiago en son de paz, e outras en desembarcos violentos de normandos e saxóns.

E todo isto, que foi leixando caer en séculos, en milleiros d'anos a sua infruencia, foi modelando a nosa alma e o noso pensamento, foi depositando no pobo, ideas que, por estaren asentadas moi fondo, son o sostén da vida inteira e nunca se poderan arrincar, e así chegamos a ter unha «formación social» própea, agrícola, oposta á formación mediterránea que domina na península.

E así temol-o herdo esgrevio que nos dona ternura, saudade, amor ao que vive, senso d'humanidade, nos corazós; e o espírito de síntesis, o bucear no fondo das cousas, o esoterismo, o mirar ao corazón da vida, coma timbre das nosas ideas.

E así enfrente do comunismo ibérico, formalista que acentuou a invasión árabe-berebere, e do predominio pastoril que subsiste nos castelans, afirmamos nós o espírito individualista, que ama a terra, que quer estar preto dela, que busca unha casa isolada e nuns matos ao seu redor unhas condicións da vida, probe, cecais, pro escrusivas, pra se fixar ao terreo e pra sentir o preno conceuto da propiedade romana, fiando cada un a sí mesmo o éisito da sua loita pol-a existencia.

Ise deixar cail-os brazos e ollar pra o Estado, esperando del toda meiciña de que a vil-a milloría, e, ao mesmo tempo, estar en costante indisciprina, vicios que se din da costitución social hespañola, son simplementes condicións naturals da maor parte da vida da península. Son a herencia, o crima, a terra as que alí as impoñen.

No libro, que acaba d'imprentarse «Apuntes para la historia de la formacióu social de los españoles» de Félix López Montenegro, póñense ao descoberto c'unha solidez de xuicio c'unha profundidade de conocimentos a que n'estamos afeitos, as características do iberismo. Lástima só que o autor non esté egoalmente documentado ao falar das formacións céltigas. A descripción da vida d'alá, no pasado e no presente, é perfeita, e quen-o lea conocendo á Galiza, trazará de seu unha divisoria mais erguida que a que poden faguel as montanas, antre aquel mundo e o noso mundo.

Falar destas diferencias cando non teñen detrás fondura, cando n'elas hai sómentes afán d'exaltación local, é cair no cabilismo e obedecer, sen sabelo, ás infruencias iberistas: si eixisten verdadeiramente, se teñen rais, entonces hai que ademetil-o feito e seguir adiante con todal-as consecuencias.

Por iso, sendo tan fundamental o tema pra decidil-os vieiros de Galiza anque m'alonxe un istante da finalidade desta carta, vou a traguer dous documentos, saidos da mesma man, de persoa que ten calidade compreta pra xusgarnos, por ser alleo, e pol-a merecida groria qu'acompaña o seu nome.

O primeiro di así:

«Creo que a cabelría hespañola desconoce a disciprina.—Está ben equipada e admirabelmente montada; pero non teño noticia de que nnnca se conduxera frente ao enemigo como fan os bos soldados».

«Pol-o tocante a infantería dá lástima decir todo o mala que é. Non é posibel contar con esa tropa pra ningunha operación. Eu sempre a vin conducirse detestabelmente. O corpo de Bassecourt afamado coma o mais sobresaente do exército de Cuesta, en todo un día non pudo vencel-a resistencia dun só batallón francés».

«Cerca de dous mil homes fuxiron na noite do 27 achándose a douscentos metros de min, sen que ninguen os acometese, e asustados no mais do seus propeos tiros, leixando as armas e o equipo».

«A culpa de todo isto e a irregularidade con que se fai todo e a ausencia de disciprina e subordinación».

«Non sento a mais pequena incrinazón a operar xunto co isa tropa«.

Quen firma isto é Wellington, «The Iron Duke» e refírese a batalla de Talavera.

Esquezamol-a calidade da valentía, porque a ninguen gusta que se lle negue, e porque Zaragoza e Gerona son gror as ljmpas e verdadeiras n'este orde. Recollamos, sí, que na aquela batalla os hespañols non tiveron a forteza d'animo necesaria pra servir unha causa, aquel espirito de solidaridade que Homero gaba nos gregos dicendo que «arelaban sempre prestarse mútua axuda», e que se traduce simplementes na disciprina.

Isto é o que afastaba a un celta coma Wellington daqueles hespañoles.

E isto é o que levou á escribil-a su célebre proclama (o segundo documento que ven a compretar o anterior):

«Soldados do mundo civilizado: Aprendede heroismo daqueles que pol-a miña boa fortuna levei ao combate. Cada un meresce mais que' eu, tel-o mando que tiven... Esforzádevos sempre por imitar aos inimitabels galegos. Que hastra o cabo do mundo sexa recordada a sua intrepidez, porque endexamais foi sobrepasada».

Non fan falla comentos, nin sequera remarcar que aquela batalla de Talavera que tan severos xuicios meresce á mais grande autoridade pra falar dela, da nome a un dos nosos reximentos.

O que importa é deixar ben sentado, que n'este aspeito da vida, ao pelear, coma ao traballar, coma ao discurrir e ao sentir, vamos nós en direición diferente, oposta ao que se chama espirito hespañol.

E someter ou siquera contrariar a alma galega nas suas naturals espansiós, facêndoa camiñar a un compás, e marchar detrás d'un pensamento que non é o seu, é crime diante da humanidade e diante da Terra, porque somentes dentro do seu marco acadarán o pleno rendimento os nosos valores morals e inteleituals, e porque, fillos d'unha étnica europea, podemos ser nós o vieiro normal da civilización san pra a Península, como xa o fomos ao comprirse o milenario.

Ehl é nada o poder vivir a civilización ocidental, sin ter que traducil-a, e sin leval-a roupa de prestado!

A nosa obriga consiste en robustecer cada vez mais esta cultura racial e en sobreporlle aqueles conocementos de erudición, de técnica, que demanda o tempo, que son a moeda que corre no dia, tan indispensabel aos homes com'as coleitividades pra non ficaren coma pedras do camiño.

Non vou, emporiso, a afirmar que haxamos de adicarnos escrusivamente a faguer cultura; acarón d'ela ha de ir a aición políteca, pra axudal-a, pra fortalecel-a, pra resolvel-os probremas do dia pra dar a terra e aos homes as liberdades que lles mancan, pra chegar a aquel progreso e a aquela riqueza material que, por lei infreisibel, ha de acompañal-as froracions ideolóxicas.

Nunha verba: a aición políteca, o aitivismo galeguista é necesario pra que a nosa terra teña a xusticia que por séculos lle foi negada, e, a mais, é o modo e o procedimento pra dar vida a nosa cultura.

Agora ben, unha cultura particular necesita tamén medios particulares pra se manifcstar. O istrumento que é doado pra traducir un mundo inteleitual, carece de condiciós pra refrexar as modalidades d'outro. Velei por qué a cultura ten como índice d'expresión o idioma.

E en col da lingoa, hai unha meditación que faguer, imponse a todos nós un día de recollimento, para trazar ben as orientaciós que debemos seguir. Repare vostede que non falo de fixar canon ao idioma sinon sómentes das direitivas, da incrinación que se lle deba donar.

Despois de séculos ermos e inacababels de asoballamento material e espirital pra a Galiza, xurde cunha forza que s'aprecia millor desde fora que desde dentro dela, o traballo aceso de febre de recostituir e compretar a nosa lingoa. Qué resultados ademirabels obtiveno vostedes! Qué de riquezas descobrino e puxeno en circulación! Qué fartura de léixico e de xiros! Qué espresión, qué sinxelismo alcanzano! A ninguen de cantos escribino en galego nestes tempos, escrulo deste tributo d'aprauso e de xusticia, pois en todos s'atopa o mesmo fervor costrutivo, a mesma santa arela de donar o millor e o mais gardado da sua alma á lingoa nai. Alguns no-

mes —non fai falla estampal-os— que oxe son ilustres, mañan pronunciaranse con reverencias saidas do corazón.

E non hai que s'apesarar dos defeitos, dos erros, dos atrevimentos, dos escesos d'imaxinación que decote pode xusgarse que aparecen. Pol-o contrario, eu hasta chegaría a bendecil-os, porque siñifican as probas e os tanteos necesarios pra o acerto, porque ofrecen a abundante materia que é indispensabel pra que se verifique a seleición, que virá a leixar, á derradeira, vivindo mais os acertos e os progresos. Así, a tentas, procedeu tamen a Natureza, e co esta lei mesma sigue adiante na sua marcha de renovación e perfeicionamento.

Dous elementos servirán principalmente de canteira, pol-o d'agora, para que esta magna labor de rexurdimento da lingoa galega. O pobo, que pon nas suas verbas o seu espirito, e co seo folk-lore inagotabel, e os groriosos moimentos da nosa antiga literatura, reveladora dun adianto e dunha civilización que ningún romance n'aqueles tempos acadaba. A un e mais a outro— todos estamos acordes nesto — hemos tornar sempre os ollos como fontes de luz, como degarados tesouros que nin s'esquecen nin é posibel s'arredar d'eles.

E abofé qne pasarán tempos endenantes que s'arremate á esprotación da fortuna que encerran.

Mais a sabencia do pobo —e ninguén escederá a minha ademiración pol-a esceicional calidade psicolóxica que levan dentro os nosos aldeans— é un punto de partida, é un xermolo que ha de dal-a grande coleita de que é capás, mediante o traballo inteleitual, coa axuda dos conocimentos superiors e da istrución do noso tempo.

Seria ausurda a pretensión de detel-a cultura da Galiza nos lindeiros que ten oxe pra os nosos vals e montanas; e ninguen tampouco pode pensar cordamente que haixamos de nos conformar coas comunicacións intelectuals que s'amostran na *Crónica Troyana.*

A lingoa non pode sel-a mesma pra falar de chouza a chouza, que pra falar de libro a libro. Pra nós, pra os que ben ou mal escribimos, pra cantos lemos, non abondan as eispresions cheas de forza e de crara beleza do *sermo vulgaris;* e, digamolo ou non, sentimos a percisión de sobreporle o xeito erudito, pra que as compricacions e os avances do noso pensamento poidan con facilidade ser retratados na verba. Este probrema fundamental do noso idioma pode, ao meu aviso, prantearse así: Ou a lingoa galega a ser só lingua insuperabel de sentimento, de descripción, de poesia, de relación familiar, e estonces ten dentro de si xa elementos abondo; ou ha ser a mais d'esto, lingoa que poida encerrar toda a cultura, non so a racial sinon a de istrución e cencia, toda a civilización da época nosa, e estonces hai que lle faguer dar ese paso pra un plan superior, que hasta agora non poido dar, por habel-a tido abafada ao marxe da vida inteleitual, un bárbaro réxime politico.

Encol do que temos, ispirándonos sempre no eisistente, gardando a esencia e o carauter do santo legado dos vellos, hemos de faguer o vehiculo d'eispresión do total pensamento galego, hemos d'abril-a rosa qu'arrecende as farturas da nosa alma, hemos de creal-a nova lingoa que traduza as lucubracións mais escondidas do esprito coa mesma espontaneidade e lumiosidade con que oxe se din os matices plástico e sentimental.

Ao referirme ao futuro cometo unha impropiedade: esa labor de creación estase facendo xa, e o boletín «NÓS» e todal'as obras culturaes fános andar cada día un bó bocado d'este camiño.

Unha vez mais a función virá a formal-o órgao; e cada libro d'especulación e de cencia que saia en galego, será un bloque que se poña pra o futuro idioma. A traducións da Biblia por Lutero abriu as portas, abondou, ao idioma alemán, pra deixal-a categoria de lingoa popular e pra servir d'istrumento ás conceicións de Hegel e de Kant. Non sei si a nosoutros, nos farán falla dez libros ou un cento pra arribar ao mesmo resultado; o que sei é que han de aparecer —e moi logo— cantos sexan percisos pra pol-o cumio á nosa lingoa.

E mentras tanto sigamos traballando a horta da casa con cuido amoroso e rebuscando ben as riquezas que encerra; mais ollemos tamén fora, abranguemos canto de bó anda pol-o mundo, collamos a boa semente onde quer qu'ela apareza, e no nos deixemos invadir d'un esceso de crasicismo que seria imovilidade, que seria outro asoballamento, desde dentro, pra o idioma galego.

As autoridades nas lingoaxes, formanse pol-o voto do pobo que non se pode falsexar nin sustituir, que anima coas suas aprobacións ou afoga coas suas repulsas os intentos dos esproradores, destinadas coma as tropas de choque, á groria ou a morte, pero indispensabels sempre pra ganar unha empresa.

E nosoutros, a falla dunha abundante produción literaria (refírome á prosa que marca a outura dos idiomas) non podemos pol-o doxe e por fortuna pra nós, falar d'autoridades sobre os que se haxa pronunciado a vontade popular.

E cantas veces o sufraxio dunha época ha ser cambeado pol-os que veñen despois!

O castelán viveu apouvigado pol-o Quixate, cuia prosa, acrisolando un defeito nazonal, foi sin dúbida un dos fautores da falsedade da vida das mesetas. N'este libro famoso dase o contrasenso dun fondo rexamente realista —modalidade do autor ben apreciada nas traducións— dentro d'unha forma do mais sonoro laton-infruxo do medio. Todos aprendemos: «Apenas había el rubicundo Apolo tendido por la faz de la ancha y espaciosa tierra las doradas hebras de sus hermosos cabellos...» e esta tirada co engado dos seus resoantes adxetivos, marcou por muito tempo o ritmo das composicions literarias.

C'os compoñentes do galego actual, c'o noso dicionario —a coleita da Academia merece gabanzas que n'atengueron oufras soadas corporacións somellantes— podese faguer unha língoa que non sexa superada por outra algunha si obtemos aquela adaitación que recrama o tempo, que teña toda a grandeza en extensión e en profundidade que corresponde a visión da Galiza de mañan.

Cara onde hemos d'ir a buscala? Qué infruencias debemos d'ademitir?

Eu proscribiría todol-os escrusivismos. Entre nós, os elementos autoutonos son tan acusados e tan rexos, e o movemento inicial sai tan de dentro, que n'hai perigo dunha deformación pol-os alóxenos. As lingoas latinas e as lingoas de supervivencias céltigas, todas elas, poden ensinarnos algo.

Pero sobre todo temos unha lingoa irmán respecto da que sería necesario un cego impulso d'arredamento pra que no nos acharamos mais tarde ou mais cedo dentro da mais estreita colaboración.

Pol-a gravitación inevitabel dun pasado groríoso, por desbordantes semellanzas que son casi que sempre ao estudialas identitás, pol-a contestura interna que non acerta a diferenciarse sinon pol-acentuación do matiz, e, porque anque no nos entendéramos nas verbas, comprenderíamonos sempre escoitando o propio peito, n'haberá quen teña á potestade d'impedir que por cima de todas as fronteiras s'abracen a lingoa galega e a lingoa portuguese.

Detrás dos idiomas, e acendendo as suas arelas de conxugación, e c'o mesmo amoroso desexo de fusión espirital, están todal-as cádencias da alma, as ideas nais, os batidos da sensibilidade, os sonos eneboados do porvir, a saudade da raza. ¡Centos de anos facendo camiños d'afastamento pra toparse mais perto que nunca uns dos outros!

Temos que rubir ás fontes do Miño, ese río que sai do corazón da nosa terra pra leval a unha fecundidade por egoal ás duas riveiras, e descer co el en afan de comunidade que pase do sentimento ao cerebro, e que corrixa os erros do pasado.

E así nosoutros acharemos d'un lado unha grande facilidade na resolución de moitos probremas lingoals. e do outro unha enorme posibilidade de difusión que é a mellor recompensa que se pode dar aos froitos do esprito. As ideas teñen un valer en profundidade e outro valer no número de xentes que poden darlles quentura.

Considere vostede que somos trinta millons os que podemos entendernos co mesmo idioma.

E alá abaixo nosoutros levaremos un pouco da dureza, do ferro que fai falla na vida tamen, e un pouco da san e baruda sinxelidade que por vivir no agro conserva a lingoa galega.

E ei queda agora o probrema sobre das taboas da mesa.

Con fonda amistade é sempre de vostede

MANOEL PORTELA VALLADARES.

A CANTIGA DO FENTO

Pra VICENTE RISCO, auscultador da Terra

É planta homilde a queiroga: pro a queiroga ten o engado da froliña feituca, coor da púrpura esvaida.

É planta homilde a xesta: pro leva coma coroa a volvoreta marela dos seus pétalos.

É planta homilde o toxo: pro ofércese coma unha xurdia folerpada d'ouro vello encol das ponlas espiñentas.

É planta homilde o milicreque —que n'algures chaman abrula—. pro a bulsa nazarena das suas corolas, trunfa diante dos ollos.

É planta homilde a mapola: pro a mapola antre a grade mesta das searas, no cárce avaladore dos trigaes e os centeios, trainos lembranza de sangue puro.

É homildes son tamén os pampillos, lembradores de soles pequerrechos, e as magarzas que branqueian no verde dos ribazos e as congostras, somellando, ollados dende lonxe, foula de muiño espallada pol-o vento, e as madresilvas de cáliz de marfin arrecendente que logo troca a maturidade en groulos bermellos coma beizos de nenos sáns, e as silveiras e as malvas e as celedonias e os campelos e as hedras e os nixaros e os careixóns e o romeiro e o fiuncho e a espadana e o viaiteiro...

Pro a homildanza d'istas plantas da nosa terra —plantas de val e de montana, irmás das cántigas e dos ataruxos aldeáns— coma a homildanza do piñeiro, proletario da familia arbórea, non esmorece no esquecimento. Son un ben dicire dos ollos e nunca, en ningures, deixaron de ter agarimadores... ¡A cantalas os poetas, a bicalas os paxaros, a chuchalas as abellas e as volvoretas, a catalas os nenos, a pillalas as mociñas!... Cando pol-a sua bonitura, cando pol-a sua utilidade, sempre atopan quen as aloumiñe.

Ora os piñeiros ergueitos e barudos —d'almiña de sol, que xorra en adoas d'ámbar pol-as fendas da códia ¡madrigal d'amore nos beizos d'un ermidaño!—, os piñeiros lanzaes, lexionarios perénes dos exércitos arbóreos da nosa terra, que somellan camiñar sempre pol-as valgadas e os cómaros n'un desfile sin termo e rubir pol-as ladeiras dos montes cara ós cumios amigos dos corvos e as brétemas, onde andan a destacaren o mesmo que fasquias de centinelas devanceiros en asexo, saben abondo da planta mais homilde, que é raiña da homildanza... ¡O fento! —que tamén n'algures chaman fieito e felgo..... ¡O fento, adovio das terras probes, das gánda-

ras húmedas e predeiras e dos ermos luidoiros, lambidos pol-o corisco!

Alí ond'as froles non queren xurdire, nin a herba mol verdecere vizosa, nin as arbres erguérense, o fento mostra resiñado coma un probe mendigo de bó curazón, a sorrisa das suas follas cheias de dentes, pra consolo e gala do irto.

O doce Francisco d'Asis, que andivo a buscal-a irmandade de todo o homilde e sinxelo nos seus degoiros d'amore místico e panteista —a miudiña formiga parecíalle grande e a modesta violeta fachendosa—, non soubo, endemal, da planta mais homilde e sofrida da nosa terra.

¡Ou, irman fento! ¡Unico encantamento dos ollos n'aqueles logares galegos onde sin os teus follatos aspros todo tería de ser murcho, ispido, enxoito ou enlameirado coma nas terras maldecidas!... Nota grave e fonda na verdecente sinfonía da paisaxe, sintónica co'a axuda da arume do piñeiro lanzal... ¡Deica a volvereta inqueda, frol sin tallo, ceiba pol-o ar, que anda a emprestare consolo súpeto a tantas plantas criptógamas, saudosas de belos pétalos, receia de se pousar encol de tí! E nin te aloumiñan co'as suas aas os paxaros, nin te chucha a avella arelosa de meluras, nin te bica a cabra choutadora, nin a vaca de paseniño avalo acaróache os beizos, nin te apañan as mozas pr'o seu adovio, nin te pillan os nenos pr'os seus xogos... ¡Nin xiquer a araña lle serves de penduradoiro pr'os fios de prata da sua tea velaiña, que somellan fendiduras sotís causadas por un cotelazo súpeto no cristal do ar!...

E, con todo, oférceslles o teu franciscano agarimo ós terras irtas e esquencidas, manseliño tal que un santo... E bical-os pes dos nenos que te tripan, ó longo das curripas da montana, sin ferilos con rabuños asañadores, coma outras plantas mais fachendosas, inda sintíndote disprezado, porque sabes que eses nenos, eses probes neniños da aldeia botados ó traballo dend'a infancia pra gañaren a dura codia de broa espostos a todol-os rigores da invernia —choivas, ventos, sarabias, folerpas, xiadas e orballeiras— áchanse fallos d'aloumiños e orfos d'amores, com'a tí.

¡Irmán fento! ¡Consolo e adovio das terras probes, caricíadore das íspidas carnes dos neniños aldeans, que voltan ben por mal coma o doce Xesús! ¡Irmán fento, de quen fuxen deica as nésporas e de quen niguén se lembra nin na noite de San Xoan —na bela noite esaltadora de canto é rústeco— ¿por qué os mestos nevoeiros, teus únicos amigos, non lle terán falado da tua xúrdia homildanza a Francisco d'Asis?

¡Irmán fento! Eu ben sei que as meigas estreliñas da imensa bouta do firmamento, acesas arañas do infinito, mais caridosas qne as cativas e escuras arañas da terra —evocadoras d'estrelas rebeldes nemigas do que voa, arroxadas do ceo pra castigo da probeza— algunha vez bican, c'o seu longuísimo bico de lus, a tua imaxe melancónica, que anda a tremelare nas escintilantes risas que producen as cóxegas da bris nas augas enlamadas da montana. ¡Que sempre chega do outo o premio pra os homildes e bós, esquecidos e desprezados na terra!

A. Villar Ponte.

REPARÁCHEDES nos nosos cruceiros aldeán? Pois reparade.

A Virxe das Angustias, enclavada no reverso de moitas cruces de pedra, non é a Piedá dos escultores; é a Piedá maxinada pol-os nosos artistas canteiros.

Os canteiros, deixándose levar pol-o sentimento, non podían pôr un home no colo da nai.

Pr'os artistas canteiros Xesucristo sempre é pequeno, sempre é neno, porque é o Fillo. Os fillos sempre somos pequenos no colo das nosas nais.

Reparade nos nosos cruceiros e ollaredes o gran sentimento dos nosos traballadores da pedra.

(Grabado de CASTELAO).

mal, da planta mais humilde é sofrida da rosa

O TEOSOFO ALEMAN RUDOLF STEINER [1]

(PROSEGUIMENTO)

V

AINDA esta tradición ocidental hermética e cabalisteca, non é ocidental na sua orixe. A Europa recibeuna do Exipto e dos Xudeus na Edade Media, de xeito que somentes dend'enton é ocidental esta tradición, embora a poidamos dar como tal en comparanza coa tradición hindu e buddhista. O dualismo antr'ambas tradiciós qu'eu seguin ate agora n-iste traballo, espúxolla a un periodista hespañol —ainda paréceme que foi ò gran dramaturgo catalán Eduardo Marquina, o autor de *En Flandes se ha puesto el Sol* —o profesor indo Ramana, residente en Lyon— gran centro ocultista de Francia, onde se conservan todal-as tradiciós herméticas e cabalístecas, e ainda vivas lembranzas do gnosticismo dos Albixenses, parello do noso Prisciliano.

Mais a Europa tiña unha tradición ocultista de seu, da que fican restos en libros como *Kalevala* finlandés, os *Eddas* escandinavos, as *Sagas* nórdicas e a literatura céltiga dos bardos.

De todo elo, o mais importante é a literatura céltiga. Digo isto, porque dos Druidas sábese positivamente que poseian unha doutriña esotérica —abonda con leer o que d'iles conta Diógenes Laercio— e a sua sabencia era tan grande que pasmou ós escritores clásicos. Dos escritos d'istes despréndese qu'os Druidas cultivaban todal-as ditas *Cencias do Santuario*.

Mais coma toda a su sabencia trasmitíase pol-o enseño oral, coma os moimentos que temos da literatura céltiga son caxe que todos da época cristiá, resulta que a tradición esotérica dos Druidas non pudo chegar a nós.

Crar'está que a literatura céltiga, os escritos nas modernas lingoas d'aquil grupo, e as novelas cabaleirescas ditas do ciclo bretón non foron caxeque nada estudadas n-iste respeito, e si algunha vez o foron, foi guiándose pol-os preconceitos da teosofía blavatskiana. O úneco que parece ter feito algo n-iste sentido d'un xeito independente, foi o noso amigo, e colaborador de NÓS Phileas Lebesgue, como s'ouserva leendo a sua noveliña *Outre Terre*.

Hai un libro, seica moderno, que corre co título de *O Misterio dos Bardos da Illa de Bretaña* que, dado que sexa apócrifo coma din, pretende pol-o menos contel-as tradiciós principás do esoterismo druidico. E ben poidera, ainda sendo apócrifo e moderno, traguer á nós os ecos d'unha tradición que se ven trasmitíndo d'unhos a outros.

Mais onde mais se conserva d'esta tradición propiamente europeia, é dendo logo no *folklore*. D'eiquí a importancia qu'eu indicaba xa ò comenzo d'iste traballo, do estudo da nosa antiga tradición enxebre, que algún día teño intención de revelar, no que ten de senso verdadeiramente ocultista.

---

(1) Os leitores deben saber qu'o autor d'iste artigo non é un creente da Teosofía. E somentes un espositor imparcial. O autor pensa, non embargante, que hai nas doutriñas teosóficas das diferentes escolas, cousas moi atinadas en col do Cosmos e mais do Home, embora istes acertos non abonen o conxunto das ditas doctriñas.

VI

Dixen que Rudolf Steiner pertencía á tradición esotérica ocidental hermética e cabalísteca, tal coma se refrexa nos ocultistas franceses que temos citado. Mais il tiña na sua Patria esta tradición ben enraizada dend'a Edade Media.

Non falaremos eiquí dos Cabaleiros teutónicos nen dos Templarios, mais hemos relembrar que a Sociedade Rosa Cruz fundouna no século XIV Cristián Rosenkreutz, e logo terei que citar ás meirandes figuras ocultistas do Renacemento alemán: Paracelso (Teofrasto Bombast von Hohemheim), Cornelio Agrippa von Nettesheim, os dous médecos, e alquimistas de sona universal; o gran humanista Xan Reuchlin, versadísemo na Cábala, e cecais o mais ilustre de todos: o Abade Trithemio. Nas obras d'istes tratadistas alemás do século XVI, colleron caxeque a parte meirande dos seus coñecementos os ocultistas da escola francesa. As versiós da Cábala de Knorr von Rosenroth correron d'abondo en Francia, así como as obras de Paracelso, nas que s'ispiran os derradeiros espaxíricos dos nosos dias.

No século XVII, na Alemaña, vólvese recostituir a Rosa Cruz, baixo a conduta de Xan Valentin Andrés, teólogo de Wurtemberg; un imenso numaro d'alquimistas verdadeiros, trabucados ou engañosos, adícase a buscal-a Pedra filosofal: Alexandro Sethon, Van Helmont, Kelley e outros moitos; por fin, aparece un revelador estrano: o zapateiro Xacobe Boehme, de Goerlitz, que a xente reputa compretamente iletrado, e qu'escribe unhas obras lumiosas e estrañas, das que a que se fixo mais famosa foi a titulada: *Os tres principios da esencia diviña*, Na Inglaterra, unha iluminada chamada Xoana Leade, funda a seita dos *Filadelfos*, que venera á Xacobe Boehme coma seu santo fundador. No século seguinte, o ilustre Clodio de Saint Martin virá á Strasburgo a estudal-as obras de Boehme, baixo a mestranza da feimosa Mad. Boecklin. Por fin, a infruencia do zapateiro de Goerlitz chega ó século XIX, e imprime o seu rubro á filosofia post-kantiana: Schelling e Hegel foron discípulos de Xacobe Boehme.

No XVIII, as doutriñas espalladas dos Filadelfos, dos Rosa Crus, dos Cohen e demais fraternidades ocultas, dan orixe ó Iluminismo. Aparece Dom Pernety, monxe benito, cabalista, que, botado fora da Prusia, vaise esconder na Francia, en Avignon. Logo un padricador misterioso, danés ou do Schleswig-Holstein, chamado Kolmer —o Althotas, cecais, do que fala Alexandre Dumas na sua novela *Xosé Balsamo*— mestre do famoso Cagliostro e do bávaro Adam Weishaupt, profesor de Direito en Ingolstadt, contribue á fundación da *Orde dos Iluminados*, á que s'afiliaron moitos homes ilustres, coma o famoso pedagogo suizo Pestalozzi.

Por fin ven o gran renacemento alemán despois das guerras napoleónicas. O que trague unha gran renacencia das doutriñas ocultistas. Teríamos que falar eiquí do famoso Zacarías Werner, que quixo traguer ó teatro os misterios masónicos; do fiseco Baader, dos filósofos Jacobi e Schelling, do gran Nóvalis, o autor de *Os discípulos en Sais*, tan cheo de revelaciós teosóficas; de Simón de Geldern, de outros mil e mil adeutos que, si non tan grandes com'os d'épocas mais recuadas, ben podían co-aquiles contribuir a prepararlle o camiño a Rudolf Steiner.

Ainda hai mais: na derradeira época citada os eruditos alemás principian a estudar e traducil-as pirmeiras obras da literatura sánscrita chegadas á Europa no século anterior. Federico Schlegel faise o espallador e panexirista d'esta literatura. Había enton nas Universidades alemanas moitos que lían a Valmiki, o autor do *Ramayana*, no seu testo orixinal De xeito que aquiles homes podían cital-os testos indos con moita mais seguranza que os fundadores da Sociedade Teosófica; podían faguerse donos, de modo direito, da tradición oriental.

VII

Rudolf Steiner nasceu en Kraljevic (Hungría) o ano 1861, e pasou os seus anos de rapaz. na Hungría e nos Cárpatos, levando unha vida solitaria e d'estudo. Consagrárono ó servizo relixoso, mais il despois d'unha seria disciprina nas escolas, estudou principalmente cencias naturaes, letras e filosofia, collendo lei mais qu'a nada á estoria natural, tanto que chegou á ter n-isto unha verdadeira autoridade.

Os vinte anos recibeu en Viena o seu título en filosofía, e viveu alí dez anos escribindo artigos nas revistas centífecas en col de moitos

asuntos de zooloxía e mais das teorías das coores.

O ano 1890 chamárono a Weimar, onde s'estaba preparando unha edición compreta das obras centífecas de Goethe, pra que colaborase n-ela. A Steiner, pol-os seus coñecementos en cencias naturás, encargáronlle a parte da obra de Goethe que trata d'istes asuntos. Non precisamos faguer notal-a importancia d'iste encárrego, prós que seipan a importancia que Goethe ten coma naturalista, xa que, como se sabe, foi un dos criadores do trasformismo, un dos precursores de Darwin.

Steiner estudou a Goethe a concencia. Nas suas obras cita a Goethe a cada istante, e ademais, consagrou ó estudo dos seus escritos varias obras de moito valor: *Goethe's Weltanschaaung* (A visión do mundo en Goethe); e *Goethe als Vater einer neuen Aesthetik* (Goethe coma Pai d'unha nova estética). Goethe foi cecais o pirmeiro mestre verdadeiro de Rudolf Steiner, e a sua infruencia n-il foi duradeira, moito mais qu'a d'outros cos que logo fixo coñecencia: Nietzsche e Haeckel. O insine autor do *Fausto* e do *Wilhelm Meister*, a maores d'un gran poeta e d'un home de cencia, era tamén un home istruido nas cencias ocultas; anque viviu enantes do gran *revival* místeco da época romáutica (a dos Thieck, os Schlegel, Novalis, Uhland, Baader, Schleiermacher etc.), viuse envolto pol-a corrente que pasou pirmeiro, dos Schelling, Werner, Jacobi etc. Cantos teñan lido o *Fausto* poderán apreciar ben esto qu'eu digo, si se lembran de pasaxes com'o *Conxuro dos Catro*, as verbas de Fausto contemprando o sino do Microcosmos —que é o qu'eiqui na nosa Terra se chama o *risco de Salomón*— as verbas da bruxa, a escea na qu'o Doutor Wagner ven de producir o *Homunculns*, e outras moitas. E eiqui teño que decrarar mal que me pese, qu'ainda non puden pillal-a segunda parte do *Wilhelm Meister*, pois somentes é o de menos curiosidade o qu'está vertido o castelán por unha casa de Paris.

Non hai pra que dicir, pol-o que levamos visto o que o estudo fondo de Goethe había infruir na vocación teosófica de Rudolf Steiner.

No tempo qu'estivo en Weimar, fixo Steiner as pirmeiras obras sintéticas. Aquela busca da síntese, ansia natural do esprito human, que non quer que a análisi centífeca lle desfaga a unidade, embora a faculdade da síntese sexa patrimonio de certas razas, foi o que —dend'o punto de vista corrente e ordinario— levou a Steiner á Teosofía.

Pol-o d'agora, coma vemos, a vida de Steiner non se diferencia gran cousa da d'outro sabio alemán calquera. Así sigue ainda. Coñeceu, e foi amigo e discípulo do gran F. Nietzsche, cecais o home que mais espritos trubou na nosa época, e despois, sofríu a infruencia d'Ernesto Haeckel. Compre advertir que principara enton o andacio positivista. Steiner decatouse ben do que Haeckel era en filosofía; a concepción haeckeliana da lei bioxenética (o paralelismo da ontoxenia coa filoxenia) aixiña Steiner comprendeu qu'era un achádego d'inmensa importancia; mais tamén soupo ver que Haeckel, que non tiña nin miga de preparación filosófica, ó faguer deduciós da sua lei famosa, iba caindo en erro' Os xuizos de Steiner en col do outrora sonado autor dos *Enigmas do Universo*, atópanse na sua obra: *Haeckel und seine Gegner* (Haeckel e os seus nemigos).

No ano 1897, Steiner foise pra Berlín a dirixir un boletín literario, e alí foise apricando a sua obra teosófica.

VIII

Coma se ve, o que levamos dito da vida de Rudolf Steiner non se diferencia gran cousa da vida d'outro sabio alemán calquera. Unha vida sinxela, sen aventuras, vida d'estudo e de traballo serio, disciprinado, vida d'home metido na cencia ordinaria: n-esa *cencia oficial*, tan combatida pol-os teosofistas, contra da que iban todal'as sátiras d'Helena Petrovna Blavatsky: ben lonxe da cencia irregular e sospeitosa das asociaciós ocultistas, ond'os chifiados e os embaucadores séntans'a caron dos homes graves de saber verdadeiro.

Mais Steiner tivo unha crise de concencia que trastornou todol-os seus principios, e despois d'aquila crise, din que recibeu a Iniciación que lle comunicou un Mestre Oculto da Rosa Cruz, cecais un dos misteriosos adeutos dos montes Cárpatos, onde se supon que hai moito tempo reside unha fraternidade iniciática.

Nada mais misterioso qu'a Rosa Cruz. Compre que falemos un pouco d'ela, pra comprendermos ate onde se poida o esprito da inicia-

ción recibida por Rudolf Steiner. Xa fixemos referencia a Rosa Cruz e ó seu pretendido restaurador, Xan Valentin Andrés. Iste sabio teólogo protestante pubricou en 1613 un libro titulado *Fama Fraternitatis Rosæ Crucis* no que se conta o seguinte: No século XIV, Christián Rosenkreuz, alemán, marchou ós 20 anos pra Oriente pr'estudal-as Cencias Máxicas. Atopou en Damasco unhos adeutos qu'o agardaban coma si fora o reformador do mundo e que lle comunicaron segredos estraordinarios. Percorreu logo a Africa do Norte e deprendeu a Cábala en Fez. Despois pasou a Hespaña, onde quixo principal-a fundación da sua obra, mais botárono fora, e voltou pr'Alemaña, e ali atopou tres discípulos. Comunicoulles a sua filosofía, e logo foise meter n-unha cova, na que viviu a sós deic'a edade de cento seis anos, en que morreu e foi no ano 1484.

Os seus discípulos soterrárono n'aquela mesma cova, porque a sua sepultura tiña que ficar escondida e sin que ninguén soupera d'ela ate que non chegara o tempo.

O tempo chegou no ano 1604. Alguén entrou na cova, e viu unha luz misteriosa qu'alumeaba o sepulcro de Christián Rosenkreuz: n-un altar, habia unha plancha de cobre onde dicía: «*Vivo, reserveime pr'á cova iste resume de luz*» e catro figuras cos rótulos seguintes: «*Endexamais valeiro*»; «*O xugo da Lei*»; «*A liberdade do Evanxeo*»; «*A Groria de Deus*». Arredor ardían sete lámparas, das qu'as luces refrexaban en espellos de variadas figuras. Tamén había libros, antr'iles tres, pricipás: o do *Microcosmo*, o *Diucionario das verbas de Paracelso*, e outro que tiña na man o difunto mestre fundador.

S'eu fora espricar eiquí o que todos ises símbolos siñifican, ainda decindo somentes aquelo que a todol-os leitores pode ser comunicado, e qu'eu pol-o tanto podía pór eiquí sen inconvenente, tería qu'encher centos de páxinas. De xeito que non direi mais qu'o seguinte: O nome de Christian Rosenkreuz contén as iniciás ou siglas da Rosa Cruz: C. R. ou R. C. O mesmo nome siñifica, en alemán Rosa Cruz Cristiana: *Christian, Rosen, Kreuz;* as siglas devanditas escríbense de cote R ✠ C, grafismo do que o nome do Mestre fundador —mais ou menos veítico— é unha tradución e unha decraración. Agora compre lembrarmos que a Rosa e a Cruz son o dobre esquema ou pantáculo no qu'está calculada a arquiteitura oxival, forma suprema da arte cristiana, coronamento natural da evolución da arte románica, com'indicaba D. Xoquín Arias Sanxurxo, n-un artigo pubricado n-un númaio de NOS. E os rótulos das catro figuras da sepultura de Rosenkreuz. decraran. «*Endexamais valeiro*»: que Deus esistiu dende sempre e pra sempre; «*O xugo da Lei*»: o Antigo Testamento, ou Lei de Moisés; «*A liberdade do Evanxeo*»: o Novo Testamento ou Lei de Gracia; «*A Groria de Deus*»: a Lei de Groria qu'o Noso Señor Xesucristo ha istaurar na terra, cando se cumpra de todo o que nós lle pedimos á cotío: «*Adveniat á nos regnum tuum*». A Rosa Cruz foi, polo tanto unha istitución cristiana, e compre non esquecer isto pra cando xusguemos da obra de Steiner.

Sigue dicindo a *Fama Fraternitatis Rosae Crucis*, que na parede da cova ond'estaba o corpo de Rosenkreuz, dicía: «*Despois de seis veces vinte anos serei descoberto.*» E di qu'a Sociedade formouse con oito irmaus, qu'eran compretamente virxes, que xuraron mantel-o segredo tocantes á trasmutación dos metaes, do elixir de longa vida, da adeviñanza e das apricacións da Cábala, e a formarse cada un, un sucesor capás que seguira a Sociedade. Todolos anos tiñan unha Asambreia, e a Sociedade habia manterse no segredo por cento e vinte anos, e si algunha vez se desfaguía, con voltar á cova do pirmeiro fundador, sería restaurada.

Pouco tempo despois da pubricación d'iste libro, en 1625 apareceu unha mañá nos muros de Paris un chamamento do Capitulo dos Irmans Rosa Cruz pr'os que quixeran ter relación co-iles. Principiou a xente á falar d'iles. Decíase qu'eran xentes descoñecidas e milagreiras, que anque vivían probes e escuras tiñan a Pedra filosofal e podían frabicar canto ouro quixeran; que curaban todal-as doenzas con rezar ou con mirar pró doente, tanto que resucitaron a un rey de Hespaña; que tiñan un libro polo que podían deprender todal-as cencias e todal-as artes e outros moitos prodixos. En troques os seus nemigos, com'os PP. Xesuitas Gaultier e Garasse, tiñanos por embaucadores e herexes perigrosos, que decían qu'o Papa era

o Antecristo e qu'habían acabar co seu poder, e que o verdadeiro xefe da Eirexa era o Emperador d'Alemaña, Rey de Romanos.

A todo isto, ninguen vira nin coñocera ningún verdadeiro Rosa Cruz. O filósofo Descartes, fondamente preocupado, fixo cantos inquéritos pudo e non conseguiu atopar ninguén que se confesara membro da Sociedade.

Non hai dúbida que a Rosa Cruz medioeval, si a houbo, estivo relacionada coas corporaciós masónicas e mais coas Ordes cabaleirescas, com'a Teutónica e a do Temple. Tampouco cabe dudar que a que se pretende restaurada por Xan Valentin Andrés no século XVII, foi unha dexeneración da primitiva causada pol-a infusión do esprito protestante e antipapista do teólogo de Wurtemberg.

O certo é que hai unha supervivencia dexenerada da Rosa Cruz na moderna masonería: o grado 18 do Rito Escocés Antigo e Aceutado cuios membros se titulaban *Soberan Principe Rosa Cruz* e que ó dicir d'algús celebra un ritual sacrílego e blasfemo que, de ser certo, non seria mais qu'unha inversión do simbolismo da Rosa Cruz primitiva.

Por fin, a fis do século pasado, en Francia, o famoso escritor Xosephin Peladan, chamado o Sar Peladan, por decirse descendente de Merodach Baladan, rei de Babilonia, fundou unha asociación literaria, artisteca e teosófeca chamada a *Orde da Rosa Cruz*, compretamente católica, ruskiniana e prerrafaelita, que celebrou en distintos puntos de Francia, Bélxica e Holanda, concertos, esposiciós d'arte, representaciós teatraes, conferencias, etc.

Outro que se di representante da tradición Rosa Cruz é o teósofo ámerican Max Heindel.

IX

Tal foi a iniciación que recibeu Rudolf Steiner, e tal foi a sua vocación teosófica. Recolleu d'iste xeito a tradición oculta da sua raza, a teosofía da Edade Media cristiana e da cabaleiría e a masonería medioevaes. Trátase, pois, d'un iniciado ocidental.

Mais Helena Petrown Blavatsky viveu e andivo por Alemaña. Parte da sua obra fondamental, a *Doutriña Segreda*, escribeuna n-Alemaña. A sua infruencia fixose sintir nos teósofos alemás, e tamén en Steiner. Steiner foi discípulo da reveladora da iniciación oriental, e formou na Sociedade Teosófica ate que chegaron os acontecementos de que deixamos feito mención.

Xa ceibe dos vencellos qu'o xunguían á Sociedade Teosófica, Steiner podeu desenrolal-as suas doutriñas, acomodadas ás revelaciós do seu Mestre especial. Enton fundou a *Antroposophia*, que non é diferente da Teosofía senon un xeito d'enxergal-a Teosofía das Edades, ate certo punto conforme coa tradición ocidental. A Antroposofía ten tamén un senso universal, e pretende axuntar, orgaizar e dirixir todal-as forzas espiritualistas da Europa.

A Sociedade Antroposófica medrou d'unha maneira tremenda. Pouco antes da guerra chegara a fundar en Dornach, perto de Basilea (Suiza) un centro internazonal d'estudos teosóficos e espiritualistas. A *Johannesban Verein* (Sociedade costrutora de San Xoan) orgaización que quer continual-a tradición masónica da Edade Media, ergueu en Dornach uu gran templo, centro da nova doutriña. A guerra detivo as obras, e detivo o desenrolo do centro internazonal antroposófico. Mais despois, os traballos siguiron, e hoxe érguese en Dornach o templo antroposófico. Iste templo, feito obedecendo ós principios de Ruskin, ás sete lámparas de arquiteítura, consiste n-unha gran cúpula, representación do Universo, sostída por cada lado por sete colunas pentagónaes, que levan nos capités as formas pranetarias do noso mundo; d'esta cúpula sai outra sostida por doce colunas que sinifican as infruencias zodiacaes, e nas fenestras, os vidros de coores, representan as etapas do progreso. O templo custou catro millós de pesetas.

A infruencia de Steiner na Alemaña autual é enorme. E a nosa unha época de *revival*. No derradeiro capitulo da obra de Paul Fechter *Der Expresionismus*, do cal temos unha versión galega inédita, feita pol-o noso colaborador Ramón Otero Pedrayo, siñálase a coincidencia das ideias de Steiner coas arelas fundamentaes da y-alma contemporánea.

Vista xa a grandes liñas a vida de Rudolf Steiner e situada a sua figura no mundo teosófico, e ainda, sexa c'unha breve referencia, no

pensar dos nosos dias, imos ver un pouco da obra d'iste teósofo.

Principiaremos pol-o seu pensamento filosófico ô xeito corrente, sen gran compricación teosófica, tal e como s'espón no seu libro *Die Philosophie der Freiheit* (Filosofía da liberdade) da que teño á vista unha versión italiana (Bari 1919).

O sistema d'ideias que contén iste libro, pubricado en 1892, áchase a pirmeira vista ben lonxe da Teosofía. Ninguén sospeitaría o teósofo n-un autor enrabechadamente inteleitualista, nemigo de todo supernaturalismo, de todo misticismo, de toda metafiseca, de canto poidéramos chamar orde trascendental. Quen coma min coñeceu pirmeiro ô Steiner iniciado que ô Steiner filósofo, de pirmeira intención non pode un por menos de ter dificultades, cand'un lê a *Philosophie der Freiheit*, pra indentificar o un co outro. E mais non colle dúbida que é a mesma intención a que guiou ós dos, s'hemos creer o qu'il mesmo decrara no prólego ô pirmeira edición de *Theosophie*, da que hai unha versión castelán, un pouco descoidada, feita por un home d'autoridade n-estas cousas: Rafael Urbano. Pois n-ise prólego di Steiner. «Os qu'estimen mais persuasivo outro método d'investigación pr'ôs verdades eíquí espostas, poderán velo na miña *Philosophie der Freiheit*, Berlín, 1892· As liñas reitoras d'un e do outro libro, anque difrentes, levan ô mesmo fin. Pr'a comprensión do un, non compre o outro, anque o coñecimento dos dous conveña a algús leitores.» Moito hai que mirar e estudar os dous libros, pra verifical-a verdade d'esas verbas do autore.

Efeitivamente *Die Philosophie der Freiheit* é un libro en col do probrema da liberdade human; mais da liberdade coma norma moral —no senso en qu'a liberdade pode ser norma— que non no senso de libre arbitrio, probrema que mais ben quita de dediante, que non resolve. Mais ben, o libre arbitrio resulta negado n-iste libro, no verdadeiro senso tradicional no que o libre arbitrio s'adoita a sostere. É unha teoría que leva ô *individualismo ético*, no que cada home s'auto-determiña fora de toda norma esterna a il mesmo. Mais se trata pois de liberdade ética que non de liberdade psicolóxica.

O sistema de Steiner é, como dixemos inteleitualista; repousa no feito do coñecer. Non quer unha filosofía do sentimento — â que chama *misticismo:* «o erro d'esta maneira de ver —di— consiste en qu'ela quer esprimentalo que debe saber, e quer erguer un elemento individual, o sentimento, a un valor universal.» Non quer unha filosofía da vontade — â que chama *telismo*.

Steiner pon coma fundamento da sua filosofía, coma elemento orixinario da vida espiritual do home, o *Pensamento:* «Pra quen teña a capacidade d'oserval-o Pensamento —e c'un pouco do boa vontade, pode tela todo home normalmente orgaizado— tal oservación é a mais importante de cantas se poidan faguer. Pois o home oserva eiquí unha cousa qu'il mesmo produz: non s'atopa frente a un oxeto estrano a il, senon â sua propia aitividade: sabe coma xurde aquilo qu'il oserva: vé os nexos e as relacións. Faise dono d'iste xeito d'un punto fixo, dend'o que pode con fundada espranza, moverse car'a espricación de todol-os outros fenómenos do mundo».

«O sentimento de poseér iste punto fixo, induciu ô fundador da filosofía moderna, René Descartes, a basar toda a coñecencia human na proposición: «Eu penso, logo eu son». Toda outra cousa, todo outro devenir, está aló en min, non sei se coma verdade ou coma ilusión ou sono. Unha sola cousa sei d'un xeito comprétamente seguro, en canto eu mesmo o levo a segura existenza: o meu *pensamento*. Teña a sua eisistenza ainda outra orixe, veña de Deus ou de calquera outra parte, eu estou seguro qu'il eisiste no senso en qu'eu mesmo produzo».

Hegel pon coma pirmeiro elemento, a ideia, o conceito; Steiner pon o pensamento «que se non apoia mais qu'en si mesmo, que non é determiñado mais que por si mesmo», e que produz os conceitos e as ideias, âs que somentes pol-o pensamento se chega, xa qu'iles presupoñen o pensamento. Tal é, asegún decrara no principio do capítulo do *Mundo coma percepción*, a sua difrenza con Hegel.

«No universo vemos dous polos: Eu e o Mundo. Iste especie de muro de división erguémolo aixiña qu'espuntan en nós os pirmeiros lostregos da concencia. E mais non perdemol-o sentimento de que pertencemos ô mundo, qu'eisiste un ligame que nos xungue a il,

qu'estamos dentro e non fora do Universo»..... «Os filósofos teñen partido de varias polaridás orixinarias: Ideia e Realidade, Suxeto e Ouxeto, Aparencia e Cousa-en-si, Eu e Non Eu, Ideia e Vontade, Conceito e Materia, Enerxia e Materia, Coscente e Incoscente; mais é facile demostrarse qu'a todas estas polaridades débese faguer preceder a d'Oservación e Pensamento, que é a mais importante pró home».

O mundo preséntasenos com'unha multipricidade, com'unha suma de singularidás. Unha d'estas singularidás, unha cousa antr'as cousas, é o home mesmo. Así nos atopámol-o mundo diante coma *percepción*, e antr'o mundo das perceuciós percibímonos a nós mesmos. Esta auto-perceución ficaría com'unha de tantas outras perceuciós, se do medio d'ela non xurdira algo que pode ligal-as perceuciós antr'elas, e ainda a suma de todas coa do noso ser. Esta cousa que xurde xa non é unha mera perceución, senon que xurde por obra d'unha actividade, e aparece ligado co que nós percibimos com'o noso ser. Mais esténdese mais aló do ser. Axunta ás perceuciós singulares determiñaciós ideás, qu'están en relación unha coa outra e que teñen as suas raices n-un inteiro. Tamén determiña idealmente o que resulta da autoperceución e contrapono ós ouxetos coma «eu». Iste algo é o *Pensamento*, que preeisiste ó suxeto o cal non se fai suxeto sen o pensamento. Nos achámonos pechados n-unha caixa que percibimos coma nosa persoalidade; mais somos tamén vehículo *d'unha aittividade que determiña d'unha esfera mais outa a miña eisistenza limitada*. «O noso pensamento non é individual com'a sensación e o sentimento. É universal»... «No pensamento dásenos o elemento que xunta a nosa particular individualidade en xunto co cosmos... en canto pensamos, somol-o ser un e universal que todo o invade». Steiner insiste repetidamente no feito do pensamento millor dito, o seu produto, o *conceito*, non ser unha cousa que nós pomos nas cousas. Il pensa qu'está n-elas: «Ponde a planta frente a vós: ela xúntase na vosa y-alma c'un determiñado conceito non pertenecería á mesma planta menos qu'as follas e as froles?» E afirma que non val buscar nos seres singulares do mundo outra cousa de común que non sexa o contido ideal que nos dá o pensamento.

Na vontade, a perceución é a capacidade individual do noso ser, namentras o conceito é o elemento universal en nós, e pr'o meu querer, eu non podo atopar ningún elemento determiñante no mundo da perceución, senon somentes no mundo das ideias, cando a intuición conceitual se presenta primeiro qu'a sua perceición. N-un auto volitivo singular hai que considerar o fautor conceitual, *motivo*, causa momentanea do quarer, e o fautor perceutivo, *pulo*, causa permanente no individo. Un mesmo conceito move diversamente a homes diversos, asegún a sua natureza individual: «disposición caraiterolóxica», lle chamou Ed. von Hartmann.

Antr'os grados da disposición caraiterolóxica, o mais outo é o que obra como pensamento puro; e sendo o mais outo dos motivos a intuición conceitual, atopámonos con qu'eiqui a moción impulsora coincide co motivo. «Unha aición semellante supon a capacidade das intuiciós moraes. A quen lle falta a capacidade de se criar pra cada caso a sua máisima moral especial, non poderá chegar endexamais á verdadeira vontade individual».

Iste principio moral é o contrario do de Kant: «fai de tal xeito qu'as normas do teu faguer podan valer pra todol-os homes». Eiqui, cada un ha sacal-a norma pra cada caso concreto, da sua ideia. En canto o contido intuitivo de cada un obra nos seus autos, constitue a potencialidade moral do individo. Deixar desenvolver taes potencialidás, e o canon moral de Steiner, que lle chama, coma xa dixemos: *individualismo ético*. Eiqui xa se non fala de conceitos moraes xeneraes (normas, leis). Eiqui reina a liberdade: «unha aición cuia causa estea na parte ideal do meu ser individual, é libre». «Libre é somentes o home qu'en cada istante da sua vida está en grado de s'obedecere a si mesmo». E eiqui métese o conceito nietzseheano do *esprito libre*, anque Steiner non deduza d'il todal-as consecuenzas ás que tal conceito poderia levalo.

Non compre qu'eu poña eiqui de manifesto a endebleza do sistema total de Steiner, nin xiquera na parte teórica, xa que na parte moral ve-a calquera. Somentes chamarei a atención dos meus leitores car'o xeito que ten de concilial-o individualismo ético coa convivencia social: «O moralismo—di—non comprende a unicidade do mundo das ideias». Da unicidade d'ise mundo ven logo toda armonía.

VICENTE RISCO.

(Ha seguir).

NOVOS PRETEXTOS

EN COL DA CHUVIA

Chove.

Está á chover manseniña, dócemente, co-esa soavidade de agarimo con que chove eiquí.

A xente, acostumada, non fuxe. Vai, paseniñamente pol-as ruas, coma si a auga non-a mollase.

A serán —doente, outonal— trae unha ledicia pueril á cibdade crara.

Sentimos arelas de cantar aquel "¡Que chova, que chova!..." infantil —legría de sair d'a escola— que se perdeu xa pra nós co-aquela alboreada sorrinte d'a nenez...

A legría d'a cibdade.

A chuvia non trai tristura a Galiza.

Cando chove sentimos un dóce, un diviño consolo. Ten a chuvia eiquí o recendo d'unha sorrisa de muller, o encanto d'a saudade, o adormecemento d'o Nirvana.

Escomezou a chover, y-os arbres d'Alameda estremecéronse de felicidade y a xente sorriu compracida.

Ista chuvia mansa, ¡que agarimo, que legría trae á cibdade y ó agro!

Pensemos un pouco.

A cibdade —tan crara, tan linda— ten o encanto gracioso d'una muller.

Agora que chove sobre d'ela, ó momento suxírenos a ideia de que a chuvia é unha coqueteria d'acibdade.

A cibdade está a se prefumar con un remilgamento de compracencia, pra logo servir con mais beleza e con ese esvaído recendo a terra mollada.

O siñor que se limpa as botas.

N'o café dinde que chove, creceron os barullos.

Os clientes puxéronse nerviosos e dan con mais forza ás bolas d'o billar y-as fichas d'o dominó, que o chiscar co-a mesa de marmore, fán un ruido anguxento.

O siñor que nos chama a atención é ise a quén lle están a limpar as botas. Cimbra o brazo ezquerdo n'o respaldo d'a silla e fuma o cigarro co-a testa ergueita n'un xesto d'argulo.

Iste siñor fainos pensar moito. ¿Pra qué se limpa as botas se está chovendo e vainas á luxar aixiña?

Sentimos o desexo de perguntarlle, mais o seu xeito de desdén prohíbenolo.

Acabou. As botas brilan co-esa exaxeración d'os anuncios d'o betún.

Esparexe un ollar en torno. E vaise hacia á porta persuadido d'a importanza de levar brilantes os zapatos.

Iste siñor vai a rua, seguramentes, pra xogar co-a chuvia a non deixarse mollar as suas botas relucentes.

O eucalipto.

Dinde a vidrieira d'o café vemos tras

d'a *Pelegrina* coma un eucalipto sai a ollar por derriba d'os tellados.

Estase mollando por curioso.

Cando non chovía asomouse pra ver a rua. Y'a auga colleuno esi, castigando a sua curiosidade como n'unha fábula de Lafontaine.

¡Probe eucalipto! Nós quereríamos emprestarlle o noso paraguas pero como creceu tanto, non llo podemos erguer hastra-os brazos.

Queipos a cabeza.

Diante o café pasan mulleres c'os pés espidos, que levan unhas canástras á cabeza, cheas de peixes, de pan, ou de roupa.

Teñen o aspecto de querer ridicolizar os sombreiros grandes d as "señoritas".— Mais ista tarde chuviosa fainnos pasar un mal rato.

Como son tan grandes, as mulleriñas que os levan non se dan conta de que chove. I-estamos vendo seu xesto d'admiraceón cando cheguen ô sitio onde vayan, y-o baixalos d'a cabeza, os atopen inundados.

A intimidada y-a chuvia.

A chuvia trae intimidade ás almas.

Esa dozura, esa oscuridade soave, ese encanto de muller doente que dá a serán, dallo por reflexo as presoas.

Unha tarde de chuvia é o millor momento pra facer dono d'un segredo amoroso á un amigo, pra dicer "¡Canto te quero!" a unha mulleriña, pra sentir esas arelas de amar que latexan sempre n'os espritos escollidos.

Hay homes grosos e vulgares que aldraxan a chuvia co-as suas groserías. Istes homes están n'a sua casa afundidos n'unha butaca e din profananda o encanto íntemo d'o momento:

—¡Dade á luz!

E o desprecio á chuvia deleitosa, agarimadora. Por isto todos vos tedes fixado que dempois de pronunciar esas verbas, esa profanaciòn a chuvia, vengándose, chouta con coraxe n'os vidros d'a casa d'este home vulgar.

EDUARDO DE ONTAÑÓN.

Pontevedra Ontono d'o 1923.

SEICIÓN ARQUEOLÓXICA

APUNTE PRA UN CATÀLOGO DE EIREXAS ROMÀNICAS DE GALIZA

A eirexa parroquial de *Santa María de Portas* (Pontevedra) está rubida a un monticelo á man esquerda da estrada que, empalmando en Vilanoviña ca que vai pra a capital da provincia, conduz a Caldas de Reis. Alonxada de esta vila como cousa de tres kilómetros, conserva intresantes restos románicos do século dozavo. Pol-as trazas, foi engadida a parte dianteira, hastra darlle a cabida que agora tén, no século dezaoito de cuya época son as sinxeliñas e cativas imaxens que coroan a fachada. A metade da eirexa é ainda da fábrica vella e vése ô simple ollar a trabazón dos sillares.

Compre siñalar os canicelos con dibuxos sin importancea e cuasi todos liñeares e difrentes; o ábside reuto con fenestra de médeo punto, sostido o arco por colunas con capitel, mais sin adrezo ningún; a probe crus que loce no ángulo que forma o tellado; e as duas fermosas fenestras estreitiñas que locen no muro norte —abonda dicir que o moimento está ourentado ô Poente— co seu arco e as suas colunas ben dibuxadas anque enxalbegadas disgraceadamente.

No intereor, somentes é dino de recordazón o presbitério cuyo teito está apoyado en catro colunas pesadas —peque-

chas e bochudas — con capiteles de dibuxos entrelazados e un de eles con toscas figuras humanas, dispostas ò parecer sin ouxeto. Asentado nos capiteles dianteiros e como reforzando a bóveda, eisiste un arco rexo en forma de oxiva, induvitabel aditamento postereor ou pol-o menos modificado nos séculos socesivos.

A infruencia da basílica compostelán pode dicirse que é nula. A pesadez da obra eisi o acredita. Certo é que a inscripceón, que adrede deixamos pra o final, dá como consagrada esta eirexa no ano de 1180. Oito anos mais tarde ainda se puña o dintel do Pórteco da Groria y-en 1211 —vintedous anos por riba — consagrábase a Catedral de Sant-Yago concruída ô mediar do século XII, como é sabido. Háchase a devandita inscripceón na parede norte a catro metros do chan e dí:



Asegún o episcopoloxio de Compostela rexía a archidiócese Don Pedro Gudesteo.

E curiosa tamén unha pedra irregular, anaco de unha maor, que contén estas letras:

O V I D
F V I Q

Está invertida, a metro e médeo do chan. N-ela quizáis se leése:

O (opus) VID (V idus)... FVI (fuit) Q (qui)

Téñoa como complemento da antereor, facendo referencia ã data da consagraceòn.

Pol-o que fai a noticeas de esta eirexa, nada atopei nin na "Galicia" de Murguia, nin nas "Iglesias gallegas de la Edad Mes dia" de Villaamil. Fixémonos na advocación e non haberá dúbida da su antigüedade. A "Compostelana" di (Lib. I, Cap. C): "Item Ranimirus Muninz dedit pædictus Apostolo... portionem suam de Deiru; & de Villa Usa, & de Villa de Curbellión, & de Villa Unio, & de Villa de *Portas*, & de Villa de Loix, & de S. Maria de Vesomanio". O visitador da dióceses ó emprincipiar do século XVII Cardeal Hoyo, autor das intresantes mamorias eisistentes no archivo arcebispal, trai as noticias postas seguidamente e que por seren inéditas (1) meresceu os honores da pubricaceón:

"Tiene esta feligresia 70 feligreses, de los frutos se hacen dos partes, la una pertenece al cabildo de Santiago y la otra y un dezmero y el iglesario a la cura que valdrán cincuenta cargas de todo pan: presentación de legos (2). La fábrica tiene de renta veinte y dos rapadas y media de pan. Hay una ermita de Ntra. Señora de la Piedad".

F. BOUZA BREY.

(1) As tales mamorias foron pubricadas parcialmente, que eu seipa, na revista «Galicia» e no «Boletin Oficial del Arzobispado»; n-este derradeiro fórono por meu amigo o ilustre académico Don Pablo Pérez Constanti. No referente a eirexas rurnes están inéditas e temos noticias de quereloe emprentar por enteiro a Real Academia Galega.

(2) Hoxe é persentaceón do Marqués de Bendaña.

ARCHIVO FILOLÓXICO E ETNOGRÁFICO DE GALIZA

COUSAS DO VAL DE LEMOS

Meiciña popular

No val de Lemos e na montana, na parte de Sober, emprégase moito o caldo de cobra, a camisa da cobra, e moitas plantas, com'o trobisco, os asentes, a ruda, as malvas, o apio, a xenciana e mais o ourégano.

As *froles de romero*, comidas con pan, pola mañá, en ayunas, sirven pra ter bó color.

O *caldo d'apio* sirve pra cortal-a calentura.

O *zume da ceruda*, misturado con auga fria sirve pra limpal-o estómago.

Desconxuros

Pra cortal-a ponzoña din faguendo cruces:

—S'eres cobra, ponte en roda; s'eres lagarto, vaite ò burato; s'eres sapo, anda arrastro; s'eres salamántega, vaite à barranca; s'eres araña, vaite à baba. (1)

E queiman ramas d'allo e botanll'a cinza por riba.

Oracións

Na que se ten mais fé é no responso de San Antonio. Abonda rezalo pra que sucedan os meirandes prodixos. Por eixempro, eu vou disparar un tiro contra alguha persoa; pois abonda que outra persoa rece o responso, pra que o tiro non saya, ainda qu'est. a en condicións de sair.

O conto de ir o raposo coa pita na boca, e porse a dona de xoenllos e principar a rezal-o responso, e o raposo deixal-a pita, todo é un, e son moitas as mulleres que o contan.

Agoiros.

Teñen como agoiros de morte o berro d'un corvo (1) ou d'unha pega voando por riba do tellado d'un enfermo, o layo d'un can, ou o tanguido dòroso d'unha campáa.

SERGIO PÉREZ FERNÁNDEZ.

Sober.

DA PUEBLA DE TRIVES

Agoiros

Unha muller vella contou o seguinte: "Que ten comprobado por esperencia propia que cando un can ladra como ladra o lobo, anuncia unha disgracia, qu'a ela misma lle pasara. Dí qu'nha vez que ll'estivo o can ladrando desde as dez hastra as once do outro dia à mañá, qu'ôs quince días de pasarlle esto que lle morreu ò home unha vaca e cinco marraus, e dispois ainda hai algús que din que non é certo. È tan certo como hai inferno e ceo."

E son mail-as esperencias: "N-outro

(1) Ten iste desconxuro semellanza na forma co famoso *Conxuro dos Catro* que trai Gœthe na pirmeira parte do *Faust;* «A Salamandra s'inflame, a Ondiña s'enrosque, o Silfo se desvañeza, o Gnomo traballe...» no que cada unha das catro clases d'espritos mándaselle que volva e traballe no elemento que lle corresponde. Eliphas Levy esprica iste comenzo no seu *Dogme e Rituel de la Haute Magie*. Esto pode indicar igual que o noso desconxuro ven das mesmas ideias primitivas nas que s'ispirou a forma erudita do *Conxuro dos Catro*, ou ben unha infruencia no noso pobo de ideias máxicas de fonte erudita, Lembremos que Michelet da a bruxería da Edade Meia coma unha nsurreición do paganismo celta.

(1) Murguía fala do corvo com'animal sagrado dos Celtas. En certas leendas, acompaña ò Rei Artur. De cote o corvo figurou na ornitomancia, e caxeque sempre como de mal agoiro. Os Celtas praiticaban a ornitomancia. A creencia repítese no caso que se conta mais abaixo, recollido en Trives.

caso, á miña irmã Dorinda cantoulle aquela pita negra (1) com'o galo, pois ti xa sabes que onte recibiu unhas letras do fillo que ten nas Américas, dándolle conta de que lle morrera outro fillo, irmau do que ll'escribiu, que morreu traballando n-un almacén por cairlle un saco d'azucre encima e que ó momento quedou morto."

"Agora é pra que vexas se son certos ou non estes anuncios; pero cando che canten as pitas com'o galo, sabes o que debes facer? mata a pita que che cantou com'o galo, y-así a disgracia que che iba a vir non che ven, porque así *caiche a desgracia sobre a pita*, (2) eu aconséllocche que fagas d'esta maneira sempre que che canten as pitas com'o galo."

"D'estas cousas ainda che pasan moitas mais: Estabamos eu y-o Xan das Carrilleiras sentados nas Grades tomando o sol, e n-esto pasou por arriba da casa do Xan unha rabañada de corvos, y-alí cerca estaba o fillo da Delores c'unha pulmonía. Entonces dice o Xan:

—"E mais mórrelle o fillo da Delores.

—"Pero mira Xan, que non che pasou por arriba da casa da Delores, que che pasou por arriba da tua casa, e non che sei o que che irá pasar.

—"Pero s'eu non teño naide malo na miña casa.

"E cando pro outro día caiulle a muller do Xan d'aquil corredor da Carracoba abaixo e matouse, y-o fillo da Delores, sanoulle. Pero os corvos pasaron por arriba da casa do Xan e non pol-a casa da Delores."

N-iste mismo pobo din os vellos que cando os gatos poñen as costas pr'o lume, qu'hai inverno pra moito tempo; e que cando sẽ lavan os gatos qu'hai visita cerca; e que cando alguha volvoreta anda orredor da luz do candil, que ven unha carta pol-o camiño.

Costumes

O Domingo de Ramos, despois da bendición, todos levan un ramo d'aquiles benditos pr'os eidos onde teñen sementado o pan.

O Domingo Corredoiro, todol-os pais que teñen fillos que van á escola, danlle algún diñeiro pra que antre todos merquen un galo e danllo ó escolante; pero primeiro fan un buraco na terra, e entérrano coa cabeza fora, e dispois tápanlle a cara ó rapaz que l'e vai dar co lareiro, dándolle tres voltas arredor ó rapaz, y-o que lle acerta ó galo é o que ll'o da ó mestre.

ELEUTER PÉREZ.

Trives.

Iste mesmo costume do galo pr'o escolante, coa cerimonia pr'escoller ó rapaz qu'o ha levar, haino en Allariz.

V. R.

(1) A pita e mais o galo negro tiveron de cote moita importancia na feiticeiría. Pierre Piobb, no seu *Formulaire de Haute Magie*, Paris, 1907, trai a *Ceremonie de la Poule Noire* pr'as grandes invocacións. *La Poule Noire* é o título d'un vello grimorio francés, do que temos visto unha linda edición pequechiña con ilustracións coloreadas a a man, na bibrioteca de D. Antonio Rey Soto. Iste grimorio foi traducido tamén ó castelán. No *Libro de San Ciprían* fálase tamén da pita e mais do galo negro. O demiño qu'iste libro indica o modo de ó criar, sai d'un ovo de galo negro.

(2) Esto pode indicar unha fonda coñecencia dos principios da Outa Máxia, tal e como s'espresan nos libros da Edade Meia e mais nos modernos libros franceses e alemás. Coma se vé, aquil a quen ameaza a disgracia, pode arredala de si, botandoa riba da mesma pita que a anunciou. Huysmans, en *Lá Bas*, fala da *lei das contrasẽñas* por médeo da que, cand'a un lle botaron un meigallo, si un o sabe, pódese librar d'il fuxindo do sitio ond'o vai ferir, o que *déplace le fluide*, ou pubricándoo, co que fica anulado. Ora, o meigallo que non atinxe ó enmeigado, vólvese contr'o qu'o botou: isto é o que se chama *choc en retour* (Vid. P. Piobb, ob, cit.), contr'o que, o qu'en meiga tense que protexer. Ainda hai outros médeos de proteición pol-os talismans, os pantáculos, etc.

No caso que relatamos, entroques de faguer unha operación máxica (sympáthica) pra que o meigallo vaia dar a outro lado, leva un mismo o meigallo, ou a disgracia que sexa sobr'a pita. E un xeito de realización material do *cho cen retour*. O curioso é coma esta creencia responde ós principios das fontes eruditas. Pode siñalar tamén a orixe tradicional d'estas fontes.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

A Revolução Nazionalista, por João de Castro.

Eis unha brochura de divulgación politeca, pirmeiro d'unha Bibrioteca d'aición nazonalista, que prepara outros do mesmo autore e mais de Sidonio Pais, Antonio Metello, Henrique Osorio de Castro, Oliveira Martins, etc. Istes libriños sen dubida han faguer moito pr'o erguemento do esprito portugués.

João de Castro enxerga n-esta obra o nazonalismo no sentido politeco unicamentes. Pensa que a doenza de Portugal noñ é unha doenza d'outra orde mais que da orde politeca, e as revoluciòs que costantemente veñen eli unha atrás da outra, son pra il índices da vitalidade do povo, e síntomas da clás de mal que o Portugal sofre no noso tempo. Pide, pois, unha revoluciòn nazonalista, que opón a todal-as revoluciòs actuaes.

O nazonalismo de João de Castro ven a ser unha superaciòn a un tempo do Integralismo e do Sidonismo. Pra il, o Integralismo representa a reaición inteleitual en senso nazonalista, e o ano de Sidonio Paes, a reaiciòn espontánea e sentimental das enerxías nazonaes. A revolución nazonalista qu'il quer "não se dá apenas pelo ataque violento do poder constituído. Dá-se nos espiritos, dá-se na moral colectiva, dá-se em todas as forças que constituem a Nação, dá-se por ultimo, como consequencia logica, na politica." E ha ser a revolución pra imprantar a Ditadura Nazonalista.

Compreta o libriño un *Programa Nacionalista,* no que se recollen as mais asisadas arelas do noso tempo: Trasformación teinica do goberno, independencia do Poder xudicial, sindicalismo, autonomía municipal, descentralización, asistencia social, proteiciòn â familia, instruciòn integral, etc.

O mais dino de nota n-iste programa é o querer trasformal-a representación nazonal en xeito de que non sexa unha asambreia politeca. Precisamentes, o meirande mal do palramentarismo é o dar valor oficial ôs partidos politecos, os sistemas de repersentación proporcional sendo ainda a base d'esas orgaizaciòs artificiás.

O libriño de João de Castro é ben merecente de ser lido e estudado ainda pol-os que non pensen coma il, pois poden atopar crara istrución en col do probrema politeco das nazonalidades modernas, e moitas cousas novas qu'os xornaes, singularmente os hespañoes ainda non enxergan.

«O»

Helices, por Guillerme de Torre.

Na Hespaña, é Guillerme de Torre unha das pirmeiras cabezas do avangardismo, un nome que non somentes sonou na sua terra senon que firmou nas revistas de Paris, de Ginebra e d'outros lados, un dos escritores hespañoes que romperon a muralla da China qu'isola â Hespaña, do mundo, e dos que qu'a romperon, non pra traguer d'afora novedades de matute, senon tamen pra sair pra fora, por qu'ademais é dos que s'estreven a inventar novedades que non veñen d'afora. Por eixempro, inventou unha lingoa pra todos, mais principalmente pra il, toda feita de cultismos, de verbas teinicas, de helenismos derivados por il, d'esdrúxulos, unha fala toda mineral e ferrallososa, sen zelme, que compre botarlle moito sebo pra que ande, que sempre qu'un lle toca está fria. E non houbo moda qu'il non seguira: poemas simultaneistas, futuristas, caligramas, haikais, o demo...

E mais o qu'a il lle leva os ais, é a vella grandilocuencia dos castelans do século d'ouro, anque il non-o queira confesar e

se cadra, tampouco crer. Todos ises esdrúxulos e ise aeroplanismo, rañaceismo, e mais cousas qu'houberan féito reloucar a Don Manuel Josef Quintana, precursor nas suas odas á imprensa e mais á vacuna das esencias do marinettismo, non son mais que as novas formas dos finchados parrafeos clásicos dos alcaldes de Zalamea, e das decramaciòs das Cortes Costituintes. Non é que digamos estas cousas n-un senso piorativo.

Hélices recolle as diferentes trasformaciós porque pasou Guillerme de Torre. Non imos nós asentir eiqui ó que din no prospeito, de que é unha cousa fora de todo o coñecido. *Hélices* non sorprende mais que a quen non está afeito a ler cousas d'estas. Mais Guillerme de Torre é sen dubida mais valente que ningun dos qu'escriben d'ise xeito, e dende logo é moito mais innovador que Einstein, sen paradoxa. E ademais, de todos os da avangarda é o que ten mais *entidade*... Porque cecais sexa o mais sinceiramente avangardista.

AS PUBRICACIÒS DE CÉLTIGA

O vello mariñeiro toma o sol, por Euxenio Montes.

Son tres contos qu'iste noso colaborador —de cote chamado pol a modernidade e pol-o exotismo— fixo d'unha sentada, n-unhos días nos que se sintiu enxebre. O que é d'esta, mais se deixou levar de lembranzas cecais de cand'era neno que non dos libros que lê.

Os tres contos están moi ben, e son dos que han *quedar* antr'a nosa literatura moderna, singularmente o derradeiro, *Como na parábola de Peter Breughel*, conto tráxico de verdadeira emoción. Tamén a tenra hestoria titulada: *O aniño da devesa* é cousa boa.

Istes tres contos teñen xeito, non son divertimentos d'ises que o Montes e outros fan pra se pôr a tono co-a moda, senon qu'están feitos con mentes de qué teñan dura, e terana.

No prólogo erudito que puxo diante d'istes contos de cegos o Montes, si qu'atopamos algús trabucamentos. Nin a novelísteca pensamos qu'estea esborrallándose —o seculo XIX foi ainda a pirmeira edade da novela, e a ela está debendo hoxe a sua boga a literatura rusa— nin os cegos do Castelao son cegos da picaresca, nin o cego do violín repersenta somentes a epigramáteca churrusqueira, senon que é toda a tradición popular, épica e tráxica, cómica e goliardesca, sentimental e tenra, enmeigada d'encantamentos máxicos e de terrores da bruxería e do crime; nin o Castelao pintou somentes cegos de violín: lembrese *o cego da fiestra*; nin a paisaxe é precisamentes a terra traballada pol-o home, pol-a contra, mais nos gusta unha paisaxe canto mais salvaxe, canto n-ela mais ceibe s'amostra a natureza, senon non-os gustaría unha paisaxe, gustarianos un xardín.

Moi ben en troques o apuntamento de qu'os cegos perciben unha paisaxe non visual, mais cecais tan rica com'a que nós vemos.

A Santa Compaña, por Roberto Nóvoa Santos.

Din que n-iste volume de *Céltiga*, o ilustre médeco danos unha tripre visión da Santa Compaña. En realidade son duas, senon duas visiós, duas interpretaciòs, porque a segunda e a terceira parte d'iste conto sen fabulación, poden ser moi ben, embora se non diga espricitamente, a cara e a cruz do mesmo fenòmemo... En realidade tal é a interpretación vulgar esceutica. En troques, na pirmeira parte, hai unha interpretación psicolòxica, caxeque esotéreca. Coidamos que si efeitivamentes o espectro algunha vez decrarase il mesmo a sua natureza, non iña imitarse moito ás interpretaciós dos sabios. . O Dr. Nóvoa Santos é dos que non queren agardar grandes sorpresas n-ise mundo que non é dos corpos, mundo que un século s'afanou a negar pra que no seguinte erguera de novo os seus medoñentos pantasmas... E mais así e todo amostrase ben preocupado por istes probremas, embora istes non teñan na sua obra recente *Physis y Psyquis* a importancia que lle dan, non sendo n-ela mais que un punto incidental, anque ocupen un capítulo.

A Santa Compaña emporiso, non está na obriña do Nòvoa Santos novelada, senon somentes literariamente presentada.

REVISTAS

Rexurdimento, Febreiro.

Os nazonalistas, según socialistas e comunistas.—Como a fontana crara, por Maximo Ramos.—*Caciquismo*, por Castelao. —*Do progreso galego e da grande urbe*, por A. Bermúdez Peña.—*Galiza e os partidos politecos hespañoes*, por Vicente Risco.—*A Patria*, por Victoriano Taibo.—*Os novos valores*, por V. Paz Andrade.—*Orxia cortesan*, por Ramón Cabanillas.—*Seición Oficial.—Movemento Nazonalista.—O probrema do galego*, por Miguel Gil Casares, E. Castiñeiras Diaz, Lois Porteiro, M. Piñeiro e A. Villar Ponte.

A Nosa Terra, 15 Marzal 1923.

Dina de toda loubanza, a confrencia de Don Anxel do Castillo na Irmandade da Fala da Cruña, titulada: *A importancia da nosa riqueza monumental*. Non ven mais qu'o prólego, mais n-il atopamos atinadísemas oservaciós en col do disprecio que se fai dos traballos e merecementos dos galegos qu'estudan pr'escrarecer o pasado da nosa terra, traballo pr'o que o Estado comisiona a alleos. "O que non pode consentirse —di o ilustre Delegado Regio de Belas Artes da Cruña— é que o Estado, que tiraniza as persoalidades históricas da peninsua, mande certas embaixadas a estudial-as nosas cousas, sempre con medios sobrados que nunca encontramos os naturaes, pra que logo se poda decir ferindonos, que gracias aos alleos conocemol-o noso país..." xentes que "o mais que poden facer é recoller a bibliografía galega pra servirse, as mais das veces, de aquiles datos que podan xustifical-os prexuicios formados onde non se nos conoce e mal se nos xusga". Cita logo o caso inxustificabel de Cristóbal de Castro, a quen fixeno catalogador dos moimentos da provincia d'Ourense, e outros dos Sres. Gómez Moreno, Lampérez, Lafuente, Obermaier e outros que unhas veces cometeron enormes trabucamentos falando de Galiza, e outras non fixeron mais que aproveitarse dos traballos pubricados ou inéditos dos investigadores galegos.

Trai tamén: *Honrando aos nosos mortos. Un retrato de Murguia. Galicia diante dos mártires de Sobredo*, por Ramón Cabanillas. *Escola dramática galega. Lecturas. Resume de Historia de Galicia.*

Contemporánea, Lisboa.

Recibímol-os numaros derradeiros d'esta xurdia revista lisboeta, da que xa temos falado. Pubricación de verdadeiro luxo, tirada a varias tintas, con cousas de Almada, Barradas (o portugués), Vasquez Diaz, Diego de Macedo, etc., etc., e orixinás literarios de Fernando Pessoa, Antonio Botto, Antonio Sardinha, Correia d'Oliveira, Eugenio de Castro, Aquilino Ribeiro, etc. etc. A tendencia é tamen avangardista, e ainda universalista. Fai campaña e trai colaboración hespañola. No numaro 4 di: "Oiçan —não é preciso aplicar muito o ouvido para ouvir— é voz corrente que estamos vendidos a Espanha Vieram do Porto e de Coimbra amigos nossos pedindo pra modificar esta attitude". Se cadra por iso foi que no mesmo numaro traía o artigo de Martinho Nobre de Mello: *As relações luso-hespanhoas*, que principia dicindo: "A mentira ibérica está desfeita", que contradiz a outro en col do mesmo tema do Sr. A. Sardinha, n-un dos pirmeiros números, e que xa comentamos coma merecía, embora fose en pouquísimas verbas.

A Aguia, Porto, Xaneiro, 1923.

Outra cousa é a nosa vella amiga. Iste numaro trai *Misterio*, por Leonardo Coimbra.—*A morte consoladora*, por Raul Brandão.—*Tragedia da Fidalga triste*, por Alberto Pimentel.—*Einstein e a Evolução organica*, por A. A. Mendes Correa.—*Determinismo e Previssão do sexo*, por Claudio Basto.—*O Hino de S. Francisco de Assis*, por Luis Cardim.—*Espectro*, por Teixeira de Pascoaes.—*Quando rompe a manhã*, por Domingos Monteiro.—Retrato, por Antonio Carneiro —*Bibliografia*.

Nação Portuguesa, Lisboa, Janeiro 1923.

Revista de Cultura Nacionalista dos integralistas lusitanos que dirixe o emi-

nente escritor Antonio Sardinha, e onde colaboran as mais prestixiosas figuras do Integralismo. N-iste boletin tratanse d'un xeito fundamental de maisima seriedade centífeca e outo criterio moderno os probremas vitaes da Nación Portuguesa. Iste numaro trai:

Uma doutrina de economia agraria, por José Pequito Rebolo. *A lingua portuguesa e o canto*, por D. Ema Bantos-Fonseca. *Teoria do Municipio*, por Antonio Sardinha. *Gotas de Tinta*, por Ivo Cruz. *Politica religiosa*, por Francisco Veloso. *Na varanda de Pilatos*, por Afonso Lucas. *Revista scientifica*, por Rui de Sá Carneiro. *Das ideas, das almas e dos factos.*

Porto Académico.

O numaro 11 trai orixinás de L. Woodhouse, Alma Rubens, Santos Mota, Luiz de Pina, etc., etc.

Unión Ibero-Americana, Febrero 1923.

Antr'outras cousas de moito intrés trai un traballo en lembranza do noso insine hestoriador D. Manoel Murguía, no qu'estuda a sua sinificación d'escritor romántico, de hestoriador, e de precursor do movemento galeguista, estudo que proba un fondo coñecimento do home, da obra e da época na que o Patriarca desenvolveu o mais do seu esforzo.

Recollemos con ledicia iste homenaxe ó noso devanceiro e mestre.

Revista de Casa América-Galicia. Cruña.

A preciosa revista a que tanto amor dedica o notabre poeta Julio J. Casal, é a millor revista en castelán que se pubrica en Galiza. Non é escrusivamente galego-americana, coma o seu título poidera facer pensar, senon que recolle a colaboración de Madri, principalmente dos escritores e artistas de avangarda (Barradas, Gómez de la Serna, Guillermo de Torre), ou dos que teñen certa debilidade pol-o avangardismo, coma Eugenio d'Ors. Dos artistas galegos, colaboran n-istes numaros derradeiros —xaneiro, febreiro e marzal— Abelenda, Cebreiro, Huici, e dos escritores, Fernández Mato, Eladio Rodriguez González, V. Risco, Francisco Luis Bernárdez, Euxenio Montes e outros. O fato primitivo da revista *Vida* atopase d'iste xeito ampriado, ate costituir unha pubricación un pouco universalista.

El Ebro, Marzo, 1923.

Aragón Estado, por Julio Calvo Alfaro. *Mancomunidad aragonesa*, por Gaspar Torrente. *Por los riegos del Alto Aragón. Aragón y el descubrimiento de América. El postrer credo*, por Antonio F. Escobes.

Patria Nova, setmanari valencianista, Valencia.

Entra na sua segunda época. Colaboran V. Tomàs i Marti, D. Martinez Ferrando, etc.

AS FONTES PR'A HESTOREA ANTIGA DE GALIZA

PRIMEIRA PARTE

AUTORES CLASICOS

PRÓLOGO

Hoxe comenza NOS un traballo fundamental e necesario: a pubricación integral das FONTES DA HESTOREA DE GALIZA, esperada por todol-os que se setresan pol-o coñecimento serio do noso pasado. E un traballo prelimiar loxicamente pra calquera investigación da primeira era dos tempos históricos. «La veritable methode consiste a travailler sur les textes, a se former un jugement personnel avant meme d'ouvrir un livre de secondemain» di Salomón Reinach. Unha vez afeito o púbrico letrado ô trato dreito cos esquirtores antigos xuzgará con coñecimento de causa das variadas interpretaciós que se lle poidan dare, e non serán posibres fantesias e lucubraciós pseudocentíficas que con grande aparato de citas traspostas teñen feito tanto mal nos estudos históricos. Poderase decir que todol-os testos d'autores clásicos están xa pubricados, estudados, comparados, sabiamente anotados e que xa teñen dado de si toda a sustancia histórica que conteñen; mais abondará lembrarse pra xustificar a nosa empresa, de qu'ises testos atópanse en pubricaciós pouco abertas ainda o púbrico letrado, n-as que as noticias, moitas veces vagas e incertas en col de Galiza, andan misturadas coas d'outras terras e xentes. A nosa obra ha ser honrada e sinxela: ôs testos limpamente dados, fará compaña unha glosa precisa, unha interpretación qu'amostre o certo coma certo, o duvidoso coma duvidoso. Cos autores formaremos tres series: xeógrafos, hestoriadores e literatos non contidos compretamente dentro das duas primeiras categorías; e dentro de cada unha seguiremos un orde cronolóxico, dando de cada autor o testo a dobre coluna en latin e galego, inda pr'os autores gregos pra apartar o leitor da dificultade do idioma. Paralelamente iremos formando un catálogo de castros e outros avances pra pubricación das fontes monumentaes da nosa antiga hestoria, as que compretarán as fontes documentaes. O noso traballo homilde e necesario vai adicado a todol-os amantes da nosa terra, e daremosnos por satisfeitos si contribuimos a facer ver na sua verdadeira luz os homes e as cousas da antiga Galiza.

I. OS XEÓGRAFOS

RUFO FESTO AVIENO [1]
ORA MARITIMA

NOTICIA

Rufo Festo Avieno viveu a derradeiros do século IV da nosa era, no tempo do emperador Teodosio. Foi procónsul d'Africa por duas veces, nos anos 366 e 367. Non se sabe onde naceu: hainos que din que foi en Volsinio, na Etruria, mais outros pensan que foi hespañol. O Cronista d'Ourense Don Benito Fernández Alonso, no seu libro ORENSANOS ILUSTRES, recolleu as opiniós de Vivar *(in Maximum)* e de Huerta *(Anales de Galicia)* que sosteñen que foi galego, e qu'o seu *cognomen,* Avieno, derívase do nome do rio Avia e cita pr'apoyar esta opinión outros varios persoaxes de nome *Rufo* en moitas partes de Hespaña e catro en Galiza, outro *Festo* hespañol, de Zaragoza, e mais outro Avieno galego, de Zoela nos Grovios.

Tampouco se sabe si Rufo Festo Avieno era ou non cristiano.

Escribeu Avieno dous poemas xeográfecos: DESCRIPTIO ORBIS TERRÆ, tamen chamado DE SITU ORBIS, e ORA MARÍTIMA, que é o qu'eiquí nos intresa.

O que lle dá a importancia que ten a ORA MARÍTIMA —que é un dos libros mais comentados e mais discutidos dos que nos deixou a antiguidade— é que n-il utilizou Avieno moitas fontes antigas, dos séculos VI e V enantes de X. C. principalmente un vello Periplo do VI. Iste Periplo, asegún a opinión mais xeneralizada, había ser cartaxinés, probabremente o de Himilcon, a quen se cita no poema, mencionando os Anales púnicos en que se fala dos viaxes d'aquil almirante pol-as costas ocidentaes da Europa, viaxe realizado no século VI enantes de X. C. A opinión de qu'era un Periplo púnico sostívoa Mullenhof en DEUTSCHE ALTERTUMSKUNDE, I (Berlín, 1890) e na Hespaña por Blazquez (EL PERIPLO DE HIMILCO, *(Bol. de la Real Sociedad Geográfica).* Mais Avieno emprega nomes xeográfecos gregos, ou empregados pol-os gregos, coma son os de Ophiusa, Achale, do que deduce que non debeu coñecel-o Periplo de Himilcon no orixinal, senon n-unha tradución. Marx na REAL ENCYCLOPADIE de Pauly-Wisowa e mais en RHEINISCHES MUSEUM, I, e Schulten no artigo *Hispania* da REAL ENCYCLOPADIE DER CLASSISCHEN ALTERTUMWISSENCHAFT, din qu'o testo d'Avieno está tomado d'un Periplo grego massaliota do século V e non d'un Periplo púnico. Hoxe vólvese â data antiga do século VI, mais pénsase qu'o principal é d'unha fonte grega. (Schulten, nas adiciós â edición hespañola da HISPANIA, Barcelona, 1920).

Moitos mais probremas nos pon dediante o estudo interno do poema d'Avieno, sobre todo no tocantes â descrición das ribeiras atlántecas, da *OEstrimnis e a Ophiusa* e dos seus aicidentes xeográfecos, sendo na localización d'istes lugares, radicalmente dispares as opiniós dos sabios. É que n-esta parte, a descrición non leva orde, senon que se creba o fío, e principia por outro lado, e induce co-a sua escuridade ôs meirandes trabucamentos. Esto fai que supoñan qu'eiquí o poema non está compreto, coma pensa o citado Mullenhof, e qu'en xeneral, o ORA MARÍTIMA non chegou a nós tal e coma saíu das maus do autor.

Citaremos eiquí as opiniós principás antr'as dos moitos intérpretes do testo do ORA MARÍTIMA.

(1) Damos pirmeiro de todos iste autor, ainda sendo do século VI da nosa Era, porque conten a fonte mais antiga—do século VI enantes X. C.—que hai encol da nosa Terra.

I. A opinión cáxeque unánime no fundamental dos hestoriadores galegos —Rodríguez de Nóvoa, Huerta, o P. Sotelo, o P. Sarmiento, Riobó, Cornide, Martínez Padín, Murguía, García de la Riega— tran a *Œstrimnis* â nosa Terra, supondo qu'o cabo *Œstrimnico* é o Fisterre, e as illas *Œstrimnides,* despois chamadas *Cassitérides,* son as da nosa costa oucidental, ond'os antigos pobos navegantes virían recollel-o estano que se sacaba das nosas minas, ou cecais, coma di o derradeiro autor citado, as peninsuas comprendidas antr'as nosas rias.

Esta mesma opinión sosteñen outros moitos hestoriadores hespañoles, e portugueses, coma Florián do Campo, Morales, Mariana, o P. Pinedo, Contador de Argote, os PP. Mohedanos, o P. Rioseco, etc., etc.

II. Outra opinión moi xeneralizada, que cuasementes é a que combate Cornide no seu traballo en col das Cassiterides, e defendida por Cambden, Borlasse, Forster, Malte-Brun e outros, leva a *Œstrimnis* ô Sul da Gran Bretaña, â parte do Cornwall, sendo as illas *Œstrimnides* as Scilly.

Con esta opinión pódense relacionar as de Mullenhof e de Martins Sarmento. O pirmeiro é un dos comentadores clásicos da ORA MARÍTIMA, e leva o cabo *Œstrimnico* ô Cornwall e o *Sinus Œstrimnicus* ô mar da Mancha, na sua citada obra. O ilustre arqueólogo portugués pubricou un libro en col do poema d'Avieno (ORA MARÍTIMA, Porto, 1896) no que pon a *Ophiusa* nas costas da Cantabria, Galiza e Portugal ate o Sado, e o *OEstrimnis* co-as suas illas, no Norte de Francia e Sul da Gran Bretaña, sendo o cabo *Œstrimnico* un do departamento francés do Fisterre.

III. O eminente polígrafo aragonés Joaquín Costa, nos seus ESTUDIOS IBÉRICOS, fai unha curiosa identificación da *Ophiusa* co-a costa ibérica do Mediterráneo, dicindo que é o mesmo país coñecido mas adiante co nome de *Edetania.* Mencionamos esta opinión, aguda, pro inverosímil, por ser das que mais arredadas están das sostidas correntemente no mundo culto.

IV. Don Antonio Blázquez, no estudo qu'enantes citamos, pubricado no Boletin da Real Sociedade Xeográfeca, asegura. fundándose principalmente no cómputo das medidas itinerarias e dos días de navegación, que Himilcon non pasou, no seu viaxe pol-as costas atlánticas, mais ô Norte do cabo San Vicente, ô que reduce o cabo *Œstrimnico,* sendo as ribeiras do Seo Atlántico que describe, as comprendidas antr'o cabo de San Vicente e as Colunas d'Ércoles.

V. A opinión mais autorizada nos nosos días, identifica a *Ophiusa* —país qu'enantes ocuparan os *Œstrimnios,* coma se saca do testo mesmo do poema— co-a costa oucidental da Peninsua Ibérica, dend'o cabo San Vicente ou dend'o Roca, ate o Ortegal.

Schulten en HISPANIA, e Bosch Gimpera en LOS CELTAS Y LA CIVILIZACIÓN CÉLTICA EN LA PENÍNSULA IBÉRICA, sosteñen esta derradeira opinión, que ha ser a que guíe as anotaciós que nós fagamos ô testo d'Avieno.



ORA MARITIMA

Terrae patentis orbis effuse jacet,
Orbique rursus unda circumfunditur.
Sed qua profundum semet insinuat salun
Oceano ab usque, ut gurges hic nostri marís
Longe explicetur, est Atlanticus sinus.
Hic Gaddir urbs est, dicta Tartessus prius:
Hic sunt columnae pertinacis Herculis,
Abyla atque Calpe: Laeva dictis cespitis,
Libyae propinqua est alia duro perstrepunt
Septemtrione, sed loco certae tenent.
Et prominentis hic jugi surgit caput
(OEstriymnin istud dixit aevum antiquius).
Molesque celsa saxei fastigii
Tota in tepentem maxime vergit Notum:
Sub hujus autem prominentis vertice
Sinus dehiscit incolis striŒmnicus,
In quo insulae sese exserunt Œstrymnides
Laxe jacentes, et metalle divites
Stanni atque plumbi: multa vis hic gentis est.
Superbus animus, efficax solertia,
Negotianti cura jugis omnibus:
Notisque cymbis turbidum late fretum.
Et belluosii gurgitem Oceani secant.
Non hi carinas quippe pinu texere.
Acereve norunt: non abiete, ut usus est,
Curvant faselos: sed rei ad miraculum,
Navigia junctis semper aptant pellibus,
Corioque vastum saepe percurrunt salum.

A redondez da terra amótrase ampriamente tendida e o seu orbe é rodeado polas ondas. Mais o Seo Atlántico atópase pol-a parte na que o salgado Océano misterioso métese en si mesmo pra lonxe desenvolver os abismos do noso mar.

Eiquí está a cibdade de Gadir, chamada pirmeiro Tartèssos; eiquí están Abyla e Calpe, as Colunas do tenaz Ercoles: a esquerda das ditas está perto da terra da Libya, as duas desafían ô riguroso Septemtrion, mais manteñen certamente o seu lugar.

E a cabeza d'unha serra xurde eiquí promiuente (dita Œstrímnin (1) no tempo antigo) e o outo monton de penedos en punta por compreto mira car'o tépedo Noto: pois baixo iste prominente cume, ábrese o Seo Œstrimnico (2) no que os habitantes ven as illas Œstrimnicas, (3) ampriamente tendidas e ricas dos metaes estano e promo: esta é xente baruda. De soberbo ánemo, de eficaz maña todos ocupados do coidado dos negocios; e as suas barcas coñecen estensamente os axitados estreitos e cortan as augas do Océano cheo de monstros. Istes non fan as barcas de piñeiro nin coñecen o acebo, nin como é costume curvan de abeto as barcas, senon que, cousa ademirabre, fan as naos con peles xuntas (4) e nos coiros percorren amiudo o vasto mar.

(1) ŒSTRIMNIUM.- Iste foi o que os hestoriadores galegos atribuiron ô cabo Fisterre. Si o pais chamado Œstrimnis é o mesmo que despois se chamou Ophiusa, coma se deduz do contexto do poema (versos 154 e 155) teríamos que dar esta atribucion coma ben feita.

(2) SINUS ŒSTRIMNICUS.— As atribuciós mais correntes son: o Canal da Mancha, o Golfo de Gascuña, o entrante da costa galega antr'os cabos Fisterre e Silleiro. Si as Illas Œstrimnicas *metalle divites stanni atque plumbi*, versos 97 e 98- fosen as mesmas Cassitèrides, teríamos que nos decidir por esta derradeira atribución.

(3) INSULAE ŒSTRIMNIDES.— Os hestoriadores galegos, sinaladamente Cornide n-un erudito traballo que citamos no estudo prelimiar, din que son as mesmas Cassitérides, pol-o qu'o poema dí da sua riqueza en estano e plomo. Do plomo en Galiza fala Xustino XLIV, 3, 4.

(4) NAVIGIA... PELLIBUS CORIOQUE.- AS embarcaciós de coiro dos antigos galegos, refírese Strabon, lib. III, cap. III,7.

XASTRERÍA

Freire Huici & C.ª

(S. en C.)

REAL, 7 E 9, 1.º — A CRUÑA

BANCO DE VIGO

FUNDADO EN 1900

CASA CENTRAL, VIGO.—Sucursales e agencias en Ourense, Ponteareas, Santiago, Villagarcía, Monforte, Noya, Baros de Valdeorras, Carballiño, Celanova, Chantada, La Estrada, Marín, Ribadavia, Verín.

Tén Axentes e Corresponsaes no Reino yo Extranxeiro, especialmente nas Américas.

Realiza toda cras d'operacións de Banca e Bolsa en xeneral. Ademite contas correntes e depósitos pol-os que abona os intreses siguentes:

Contas correntes a vista. . .	2 %	Depósitos a 6 meses prazo . .	3 1/2 %
Depósitos a 1 mes prazo. . .	2 1/2 »	» a 12 » » . . .	4 »
» a 3 » » . .	3 »	En caixa de aforros deica 10.000 pts.	3 1/2 »

AGRICULTORES

ESTERCADE CON

NITRATO DE CHILE

AXENCIA REXIONAL EN VIGO:

Ernesto Cádiz Vargas

Avenida Montero Ríos, 14

DELEGACIÓN EN MADRID:

Juan Gavilán

Almirante, 19

ARTURO NOGUEROL
ABOGADO
P. Feixóo, 12 OURENSE

APARATOS Y DISCOS
« GRAMOPHONE »
RELOXERÍA
MIGUEL CALVIÑO
OURENSE

Merquen: PLUMEIROS DE RAFIA "PERILLE„
OS DE MAIS DURA, OS QUE MILLOR LIMPAM,
OS MAIS ECONÓMICOS

GUIA PROFESIONAL

LUIS GALLEGO
PROCURADOR
Luis Espada
Ourense.

Ramón Varela
ABOGADO
Luis Espada
Ourense

Aurelio A. Belvís
MÉDECO
Progreso
Ourense

OSORIO
ABOGADO
Luis Espada
Ourense

ADOLFO ESPINO
ABOGADO
Vigo

José Fabucedo
ABOGADO
Progreso
Ourense

Francisco J. Riomoro
MÉDECO
Luis Espada
Ourense

AGUAS MINERO-MEDICINALES

BICARBONATADO-SÓDICAS

MONDARIZ

1000

F. ROMÁN E SACO

DROGUERIA

E FARMACIA

PEREIRA, 19. TELÉFONO, 28.

OURENSE

Disponible

RIO MIÑO **Rei dos Viños Galegos**

ESPORTACIONS A TODAS PARTES DO MUNDO

Uzal, Compañía Limitada VIGO

IMPRENTA DE
J. POZA COBAS
Pontevedra